Miño, o río das letras

galeguizargalicia.gal

Edita:

Asociación de amigos do Couto Mixto

galeguizargalicia
PARA MIRARMOS O FUTURO DA LINGUA

Subvenciona:

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021

galicia
o bo camiño

Deseño editorial:

PIO GARCIA
EDICIÓNS

Corrección lingüística: Xurxo Martínez González

Coordinación: Carme Pérez Vaquero

Deposito legal: VG 705-2019

Agradecemento á Fundación Penzol pola cesión do facsímile do Entremés famoso sobre da pesca do río Miño.

Miño, o río das letras

PRÓLOGOS

“Contenda dos labradores de Caldelas” (1671)

As terras de Tui, na beira que bica o río Miño, conforman a cerna ou o corazón das relacións entre Galicia e Portugal, dous territorios que expresan, ao longo do tempo, as pólas dunha cultura común e compartida e as nosas xentes conservan, con benquerenza, un acervo cultural común que nos identifica.

Un acervo creado ao longo dos séculos por unha vida compartida que atopa numerosas expresións na nosa cultura inmaterial e singulares mostras no noso patrimonio. Entre estas está a primeira peza de teatro escrita totalmente en lingua galega que se conserva e que ten como protagonistas ás xentes miñotas de Caldelas, nas terras de Tui, e Friestas, nas terras de Valença. Trátase do “*Entremes famoso en que se contiene la contienda que tubieron los labradores de la feligresia de Caldelas con los portogueces sobre la pesca del rio Miño. Año de 167...*”, aínda que máis coñecida como “Contenda dos labradores de Caldelas”.

As terras tudenses teñen pois a honra de fornecer para a nosa cultura, naqueles séculos escuros, esta peza teatral que ilustra sobre a lingua, os costumes, as relacións de veciñanza... en definitiva a vida social das xentes do Miño centradas na pesca no noso río Miño. Todo un monumento da cultura e da lingua galega centrado en Tui.

Curiosamente foi recuperado e editado por outro egrexio tudense, Xosé María Álvarez Blázquez, a quen lle foi dedicado o Día das Letras Galegas no ano 2008. Na súa editorial Monterrey, na que realizou unha inxente aportación á cultura de Galicia, editou no ano 1953 esta peziña teatral coa edición a cargo de Fermín Bouza Brey.

Tui a quen lle cabe a honra de ter acollido o 24 de xuño de 1891 a celebración dos Xogos Florais de Galicia, o primeiro acto público integramente en lingua galega, gábase agora de ser protagonista da primeira obra teatral en lingua galega que, gracias á xenerosidade da Asociación de Amigos do Couto Mixto e do colectivo Galeguizar Galicia sae do prelo para que todos poidamos achegarmos a esta alfaia da nosa cultura e que testemuña a perenne achega que dende Tui se realiza a prol da cultura galega.

Enrique Cabaleiro González
Alcalde de Tui

Nas raíces do noso teatro

Na Historia do Teatro Galego o *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1671) de Gabriel Feixoo de Araúxo tivo sempre un papel moi destacado. Esta peza considerámola a primeira obra dramática conservada na nosa lingua. Como antecedentes seus, as investigacións destas últimas dúas décadas documentaron testemuñas de representacións teatrais en galego xa en 1581 e hoxe sabemos que nese mesmo século e todo ao longo do XVII e XVIII foron sucedéndose mostras de teatro xograresco no noso idioma, tamén de obras franciscanas neste, outras plurilingües que representaban popularmente escenas da Paixón, mesmo pezas bíblicas e haxiográficas varias e incluso obras promovidas por confrarías e gremios, todas elas con presenza do galego.

Estas descubertas, así como outras de natureza poética e prosística, fixeron mudar aos historiadores da literatura galega a consideración que tradicionalmente deitaran sobre os imprecisamente chamados Séculos Escuros, que nos últimos tempos pasaron a denominarse, máis acaidamente, a literatura do Galego Medio, consonte a outras denominacións doutros sistemas literarios europeos e, tamén si, espellando dun xeito moito máis fidedigno a realidade documentable dese período que, aos poucos, imos rescatando.

Por tanto, o *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*, tamén coñecido como *A contenda dos labradores de Caldelas*, é o máis acabado exemplo dunha tradición entremesística galega na que se contan tamén outras pezas como o *Entremés de Janiño* (1594), *Entremés de los gallegos* (1640), *Entremés galego ao feliz e real parto da nosa raíña* (1707) de Salvador Francisco Roel ou o *Entremés del portugués* (1710).

O case medio cento de versos dos que se compón esta obra fixeron dela unha referencia literaria de primeira orde. Nas nove escenas nas que se distribúe a súa acción preséntanse os enfrontamentos que os habitantes das dúas beiras do Miño mantiveron durante moito tempo polos dereitos de pesca. Neste sentido, a riqueza das falas e costumes descritos, a graza dos seus diálogos e a pluralidade das súas fórmulas versais (que cuestiona a súa adscrición ao xénero do entremés, pois non só se serve do romance, senón que tamén incorpora quintillas, silvas e pareados hendecasílabos)

convértena nunha obra singular e unha auténtica xoia do teatro e a escrita galega de todo tempo.

Por todas estas razóns non podo menos que congratularme pola publicación desta edición facsimilar do *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* ou *A contenda dos labradores de Caldelas* de Gabriel Feixoo de Araúxo. Para a Secretaría Xeral de Política Lingüística que dirixo é unha satisfacción axudar a facilitar o acceso a un texto de tanto relevo na historiografía literaria galega e facelo, amais, reproducíndoo fidedignamente tal e como se viu publicado no seu día. Neste sentido, quero felicitar á Asociación de Amigos do Couto Mixto así como aos demais responsables desta loable iniciativa e desexarlles que tan oportuna edición teña a positiva acollida que se merece. O Miño, o noso río pai, terá así un novo motivo para ser admirado, pois con el flúe a nosa tradición, a nosa historia literaria e a ponte entre culturas que o seu curso axuda a definir.

Valentín García Gómez
Secretario Xeral de Política Lingüística

Desde a outra ribeira

"O río é moitísimo máis que a fina liña azul que recorre facendo eses ó longo dun mapa. O río son os intensos mundos que redemuiñan en torno das súas augas e das súas ribeiras"

Eliseo Alonso . 1993.

Logo se cumprirán 350 anos desde aquel de 1671 no que se deu a coñecer, nosa lingua nai. Trata sobre os desacordos pola pesca no río Miño dos habitantes a que pasa por ser, a primeira peza de teatro completamente escrita na de Caldas e Lapela, expostos polos veciños sobre a base dos seus dereitos. Remata acadando un final de entendemento.

Desde o principio dos tempos, dun e doutro lado do río, adoitouse unha mesma forma de vida. Así naceron as levadas e as pesqueiras, e así chegaron os acordos e regulamentos para darlles rumbo ás gamelas e barcos de "tingladillo", aos lances das quebradas e aos alxerifeiros. O río sempre forneceu de vida e alimento ás dúas comunidades ribeiráns, constituíndose así nun ser vivificador e fundamental para os moradores de ambas ribeiras, que usaban de artes de pesca semellantes, como o trasmallo, lampreeira, solleira, vargas de solla e de muxil, biturón, cabeceira, palangres e outras máis.

Así pois aquelas xentes participaban dun facer común na explotación do río e das terras inmediatas, exportando desde antigo, particularmente no século XV, os caldos do Ribeiro e os "albarinhos" de Monção. Mais con todo, os Estados limítrofes puxéronlles atrancos, ignorando a súa realidade histórica e socio-cultural. Xustifícanse así voces como a do poeta miñoto João Verde, denunciando a situación das dúas marxes do Miño:

….Deixalos pois namorar

Xa que os pais para casarse

lhes não dão consentimento.

Luís M. García Mañá
Presidente da A. Amigos do Couto Mixto

Un territorio, unha historia e unha cultura compartida

Galicia e o norte de Portugal, o territorio que vai do Douro ao Miño, foron unha realidade xeográfica e histórica na que aínda prevalecen os substratos que a configuraron como tal. O Dereito consuetudinario dun e outro lado da raia húmida e seca é o mesmo; a antropoloxía cultural campa nesa longa franxa territorial; o patrimonio toponímico dos accidentes xeográficos e lugares reitérase coas mesmas denominacións aquí e alá; os camiños que sucan o territorio trenzan unha realidade territorial que foi única e pola que percorría un mesmo imaxinario cultural; partillamos espazos territoriais que hoxe son parques naturais e a nosa tradición oral e literaria conforman un espazo que nos define sen máis diferenzas que a pertenza a realidades estatais distintas. Mesmo nalgúns lugares da raia a gaita é o mesmo instrumento musical.

As culturas que se foron sucedendo deron lugar a pequenas variantes con pequenas diferenzas que falan dunha oríxe común compartida. Ilustrativa é a viñeta de Castelao na que un neno lle pregunta ao seu avó -*"E os da banda d´alá son máis estranxeiros que os de Madrí?"*- Unha sinxela pregunta que encerra unha visión cósmica dun neno miñoto que non sorprende ao seu proxenitor afeito como está a mirar aos da outra beira como amigos ou mesmo como parentes.

Luís Manuel García Mañá é o autor de varias monografías sobre a ósmose xeográfica e cultural. Desa veciñanza sen solución de continuidade reseñada en moitos documentos históricos que acreditan que todos eramos uns -*os mesmos foros, a mesma lingua, as mesmas tradicións*-. A profesora Paula Godinho tamén ten inventariado ese patrimonio común compartido. Dese tempo son as institucións territoriais como o Couto Mixto, unha entidade xurídico-política singular. A indefinición da fronteira na raia seca conformou espazos denominados pobos promíscuos, porque ás máis das veces a raia imaxinaria que creaba fronteira era un sinxelo camiño ou rúa dunha aldea na que unhas casas do mesmo pobo eran portuguesas e as que estaban fronte eran galegas. As comisións internacionais mixtas de lindes tiveron que sortear estas circunstancias motivando o troco duns pobos que pasaban a seren portugueses por outros que pasaban a seren galegos. Malia estes trocamentos xeográficos a cultura e lingua eran comúns.

Esa historia que compartimos deu coma froito unha lírica profana galego-portuguesa que é unha marabilla cultural e territorial que noutros tempos denominouse Gallaecia, e que hoxe volve recuperar a súa identidade nun novo marco propiciado polas institucións europeas.

Nesa pervivencia cultural producíronse obras literarias como o *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*, de Gabriel Feixó Arauxo, datada en 1671, que se ten como a primeira obra de teatro escrita en lingua galega. Un texto literario que escenifica as liortas dos mariñeiros da freguesía da Lapela, do concello de Monçao e da freguesía de Caldelas de Tui por mor da explotación dos recursos pesqueiros do río Miño. O *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* amais de ser unha peza literaria que nos informa da mancomunidade de pobos da fronteira que nunca desapareceu, arrequeceu o Dereito consuetudinario que afortalou un proceso histórico que agora, pasados os séculos, é recuperado pola Unión Europea.

A fronteira miñota foise trenzado con fitos culturais que abordaron a idiosincrasia que nos identifica. O poeta monçense, Joâo Verde, pertencente ao chamado movemento de escritores rexionalistas, que tiñan como fonte de inspiración ese gran territorio galaico-portugués, é autor dun poemario titulado *Ares da Raya* no que atopamos unha oitava na que recoñece a unidade territorial e cultural de ambos pobos *Véndo-os assim tâo pertinho,/A Galiza mail´o Minho/Sâo como dois namorados/Que o río traz separados/Quasi desde o nascimento./Deixal-os, pois, namorar,/Já que os paes para casar/Lhes nâo dâo consentimento/.*

Pero sen dúbida a creación máis xenuina dos homes e mulleres que cohabitaron eses territorios durante ese delongado período compartido son as cantigas profanas galaico-portuguesas que constitúen un dos máis importantes patrimonios culturais da humanidade. Son creacións que evidencian a existencia dunha identidade común que só os avatares políticos intentaron desfigurar. Pero velaí están falando unha mesma lingua e compartindo formas culturais comúns expresadas liricamente.

A conmemoración do 350 aniversario da publicación do *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* de Feixoo Arauxo ofrécenos a oportunidade de afondar na historia duns pobos con identidade común que agora andan camiño do reencontro ao abeiro dos acordos de cooperación

transfronteirizos propiciados polo Tratado de Maastricht en 1993 coa creación dos Comités das Rexións e os programas de cohesión territorial transfronteirizos.

O colectivo Galeguizar Galicia, onde se encontra a Asociación de Amigos do Couto Mixto, que practica desde hai ben tempo o reencontro dos pobos de aquel e alén da fronteira, quixo aproveitar esta efeméride para escenificar unha vez máis a unidade dos pobos galego e portugués deixando perenne memoria do que fomos e seguiremos a ser, coa colocación dun monumento realizado pola Escola de Canteiros da Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui, e facendo copartícipes desta celebración aos concellos galegos e portugueses que bordean a ribeira do Miño.

Xosé González Martinez
Colectivo Galeguizar Galicia

Unhas notas sobre o
Entremés famoso sobre da pesca do río Miño

Ademais da edición que agora se reedita, fixéronse posteriormente a 1953 varias edicións do *Entremés*. Unha delas foi feita por Manuel Ferreiro (Gabriel Feixó de Araúxo, *Entremes famoso sobre a pesca no rio Miño*, en *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, nº 41, A Coruña, Decembro, 1983; cf. tamén "O portugués como ficción dramática. (A fronteira lingüística no entremés *A Contenda dos labradores de Caldelas [1671]*)", en J. M. Carrasco González / J. A Viudas Camarasa, eds., *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera*, Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996, II, 9-32), outra por Henrique Rabunhal Corgo ("Contribuiçom ao estudo do *Entremez famoso sobre a pesca no Rio Minho*", en *II Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza. 1987. Actas*, A Coruña, Associaçom Galega da Língua, 1989, 333-359; cf. tamén *Textos e contextos do teatro galego (1671-1936)*, Santiago, Laiovento, 1994, 13-23), outra máis importante de Ramón Mariño Paz ("Edición do *Entremés famoso sobre a pesca do Río Miño* (1671)", en *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do Norte de Portugal*, 1, 1997, 133-143) e finalmente a que presentan Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane, en *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 2017 (<http:/ilg.usc.gal/gondomar/>). Neste corpus os autores recollen tódolos textos galegos que se coñecen desde 1594 a 1791 e do *Entremés* fan a transcrición, a edición, unha edición interpretativa e a estandarización, ó mesmo que reproducen en imaxes de tódolos folios do manuscrito.

O manuscrito non é o orixinal, posto que se trata dunha copia á que o copista lle puxo como encabezamento *Entremes famoço en que se contiene la / contienda que tubieron los labradores dela / Fr^a^ de Caldelas con los portogueces sobre la pesca / del Rio miño Año de 167= Conpuesto por el / Licenciado gabriel feyxò de aravjo año / de 1671*. Despois segue a indicación das persoas actuantes e xa o entremés, que consta de 433

versos, coa primeira intervención do fidalgo portugués, que defende o dereito de pescar máis cós galegos (vv. 1-60), segue o alegato do labrador de Caldelas, disposto á guerra para defender o dereito dos galegos (vv. 61-136), continúa o texto co autoeloxio do portugués (vv. 136-163), a disputa entre os dous personaxes que acaban atacándose e feríndose (vv. 164-227) e a loita entre os dous bandos que remata cos portugueses mortos (vv. 228-257). Seguen unhas reflexións do labrador, preocupado polo que poida ditaminar o xuíz e convencido de que o crego da freguesía os apoiará (vv. 258-295), e despois o pranto da portuguesa pola morte do seu namorado (vv. 296-343). Veñen a continuación outras reflexións do labrador (vv. 344-373), o diálogo entre outro portugués e o labrador para facer as paces (374-400 e o canto e a danza final con acompañamento da *viola* e do pandeiro (401-433). En todos estes versos as persoas portuguesas exprésanse na súa lingua e o labrador de Caldelas en galego e a única persoa que aparece con nome propio é o labrador. El mesmo se cita como *Borgorio Roleiro* 91, *borgorio* 215, *Roleiro* 134 e *o roleiro* 234 e un portugués diríxese a el como *Roleiro* 374 e *gorgor Roleiro* 400, mentres que o fidalgo só lle chama nunha ocasión *Roleiro* 208. Esta dualidade *Borgorio* / *Gorgor* parece dar a entender que o copista entendeu mal o nome e que posiblemente se trate de *Gorgorio*, unha deformación de *Gregorio*. Alén da referencia ó labrador, cando o fidalgo portugués fai unha gabanza de si mesmo, cita ós seus tataravós, ós que chama *Basco Brito e Alberte Pallas* 24.

A indicación das persoas actuantes e doutras particularidades está escrita en castelán, cunhas características lingüísticas propias da época, como é o uso de *b* en *Buelbe* (antes dos vv. 137 e 344), *bese* (antes do 296), xunto a *Vase* (despois dos vv. 60, 136, 226, 295 e 343), *vea* (antes do 164), e o uso de *v* para representar a vogal en *vn* (antes dos vv. 1 e 216), *vna* (antes dos vv. 1, 296 e 401), *vno* (despois do 402). Tamén destaca o uso das formas *portoguez* (antes dos vs. 1, 137, 164, 218, 228 e 374), *portogues* (antes do 296), *portoguesa* (antes dos vv. 1, 296 e 401), *cabeça* (antes do 216), *braços* (antes do 344) e *cortinina* (antes do 296). O feito de que as introducións estean escritas en castelán non significa que o copista as traducise do galego, foi o propio Feixó de Araúxo quen as puxo en castelán, seguindo

un costume que aparece tamén noutros textos semellantes. O copista o que fixo foi interpretar mal nalgunhas ocasións as palabras do orixinal, pero en xeral mantén a lingua utilizada polo autor, unha lingua que corresponde á época en que foi escrito o entremés, moi rica, e que demostra un gran coñecemento do galego culto e popular e de moitas peculiaridades da lingua portuguesa. Tratándose dun autor galego, é normal que no uso da lingua e das grafías sexa máis fiel á realidade lingüística na parte escrita en galego, pero tamén na parte escrita en portugués acerta na maior parte dos casos e só en determinadas ocasións se lle escapan formas propias do galego e mesmo do castelán.

No século XVII temos poucos textos escritos en galego e non hai gramáticas que vaian fixando a lingua, pero válenos saber o que pasa cos textos casteláns e portugueses e coas gramáticas publicadas nestes idiomas para ver como se estaban xestando os cambios que chegaron a unha gran normativización no século seguinte. O autor do *Entremés*, coñecedor da lingua propia, pero educado en castelán, usa as normas gráficas desta lingua, entre outras razóns porque a maior parte dos sonidos son idénticos, e o mesmo fai con certas grafías na parte escrita en portugués, debido a que trata de reflectir a fala miñota, que moitas veces coincide coa galega. Ademais, se comparamos a grafía do *Entremés* coa doutros textos daqueles tempos vemos bastantes coincidencias entre eles.

Vexamos algunhas características gráficas e lingüísticas facendo unha comparación entre a parte galega e a portuguesa.

1. Grafía da nasal final. Na parte galega Feixó de Araúxo só usa a terminación rematada en *-n*, como corresponde á pronuncia da nosa lingua, e nunca bota man do *m*. Por iso temos *an* 63, 68, 75, 79, 104, 131, 365, *teñan* 80, *veran* 82, *veñan*, *veñan* 103, *viran* 105, *man* 112, 390, *mans* 180, *barran* 118, *llan* 121, *morran* 135, *ardan* 136, *san* 165, *mañan* 166, 360, *tan* 184, *chan* 193, *beban* 251, *ban* 253, *andan* 350, *raçean* 351, *libraran* 353, *libran* 355, *quandan* 367, *aqueibaran* 369, *lan* 371, *calen* 72, *falen* 72, *ouben* 83, *nen* 99, 287, 349, *deiten* 119, *cen* 136, *ben* 185, 237, 264, 349, 373, *ven* 204, 376, *quen* 212, *en* 212, 361, *tamen* 215, 268, 395, *furen* 243, *fojen* 245, *sen* 345, *ningen* 349, *min* 270, *alfin* 271, *porqualfin* 276, *nin* 286, *santanton* 81, *non* 115, 120, 167, 191, 211, 255, 257, 262, 270, 344, 358, 370, *perdon* 205, *rebenton* 206, *con* 278, *discrijiçon* 288, *rraçon* 291, *traición* 359, *sairon* 385, *un* 284, 373 e *ningun* 287.

Fronte a esta regra xeral, no texto portugués xúntase a grafía á evolución fonética. Na época de elaboración do *Entremés* o portugués non ten un sistema fixo para as terminacións verbais e alternan *-ão* e *-am*, de aí que Feixó de Araúxo non teña unha idea clara de como escribir e bote man das dúas posibilidades, decidíndose unhas veces por *-ão* co til na segunda vogal e outras por *-an*. Así, escribe *naõ* 3, 4, 17, 25, 47, 54, 140, 144, 160, 173, 195, 230, 316, 386, *naõs* 'non os' 428, *brotaõ* 5, *estaõ* 6, *cantaõ* 12, *podiaõ* 17, *saõ* 30, 142, 429, *trabaõ* 30, *tomaõ* 33, *viraõ* 45, *quedaõ* 137, *galaõ* 162, *chaõ* 218, *contaraõ* 321, *castelaõ* 323 e *paõ* 331. Con *n* final aparecen *san* 35, *destruian* 39, *ardan* 56, *buscan me* 156 e *requebranme* 157, alternan *morraõ* 59 e *morran* 59, *aõ* 'han' 55 e *llan* 'lle han' 413 e tamén *taõ* 138, 201, 219, 315, 324, 336, *taon* 313 e *tan* 38, 303, 309. Ademais, presentan unha única forma diverxente *pasaon* 10, *bilaons* 17 e *seraon* 44, o que pode dar a entender que o trazo sobre *o* (*õ*) representa unha abreviatura de *on* e non a pronuncia *ão*.

Noutras terminacións o autor trata de adaptarse á pronuncia que se vai impondo en portugués e así escribe *Gimarains* 12, *cains* 30, *tein* 'ten' 15, 32, 143, 403, 407, *tein* 'teñen' 144, *quein* 19, 299, 302, 304, 305, 309, 314, 315, *bein* 38, 151, 199, 299, 321, *cein* 137, *vein* 'veñen' 141, *sein* 339, *nein* 387, *tamein* 400, *testoins* 'tostões' 331 e tamén *may* 'mãe' 403. En contra disto, cando a acentuación recae na penúltima sílaba, mantén a forma primitiva en *en* 12, 155, 306, *saben* 25, *quebrense* 56, *ciscacen* 319 e *homen* 161, esta última contraposta a *homẽs* 137, que seguramente é abreviatura por *homens*. En relación con estas formas debemos lembrar que o autor nunca escribe *m* en posición final e usa *n* como en galego. Súmense ós casos citados *sin* 41, *min* 338, *fin* 343, 393, *con* 20, 33, 38, 45, 55, 157, 170, 306, 312, 324, 426, *con migo* 141, *son* 159, *vn* 1, 145, 161, 195, 399, *ninhun* 172, *nun* 327, *un* 420 e tamén *san fins* 35.

2. A consoante bilabial b. Nos textos galegos como non había diferencia fonolóxica entre *b* oclusivo e *b* fricativo, xa desde as últimas décadas da Idade Media comeza a prevalecer a grafía con *b* sobre *u* u *v* e por iso é normal que no *Entremés* aparezan palabras con *b* en lugar de *v*. Estas formas con *b* mantivéronse ata as reformas ortográficas que se foron facendo nos últimos séculos e que levaron a que se volvesen escribir con *v* as palabras que a tiñan en latín. No texto aparecen escritas con *b* as palabras *bara* 64, 242, *lebe* 69, *bacas* 70, *bos* 243, 255, 383 'vos', *bosa* 96, 181, *bosos* 382, *atrabesada* 108, *barran* 118, *beces* 136, *abo* 178, *bosastede*

180, *bou* 292, *bai* 183, 186, 227, *ban* 253, *ben* 185, 237, 349, 373, *bindo* 206, *bolbo* 225, *bolbe* 244, *bolbera* 289, *bellos* 236, *bello* 287, *lebou* 240, *gardaibos* 242, *fabor* 274, *bejos* 366 e *ba* 381. Tamén *tuber* 89 e outras palabras que en latin tiñan -b- e que primitivamente se escribían con *u* (ou *v*), como son *abes* 'habedes' 95, *aberà* 198, *barbas* 72, *barba* 350, *beban* 251, *librama* 279, *libraran* 353, *libran* 355, *gobernarnos* 283, *neboeiro* 360, *beber* 79, *alba* 82 e *ouben* 83. Estas grafías maioritarias alternan con outras nas que permanece a forma con *u* (ou *v*), que son *uer* 68, 104, *veran* 82, *vase* 90, *veñan* 103 (2), *viran* 105, *vendo* 168, *ven* 204, 376 e *viu* 167, 212 e formas do verbo *haber* que conservan a grafía medieval, que está en *auer* 77, 85 e *dauer* 125 e tamén en *marauedis* 278. Fronte ós citados *bolbo*, *bolbe* e *bolbera*, atopamos a variante *volber* 371 e de maneira contraria, en lugar do normal *saber*, aparece *sauer* 131 (parece que di *saruer*). Son normais as grafías con *b* en *bois* 70, *boa baça* 98, *basta* 116, *ribeira* 125, *beijo* 180, *beira* 184, *cabo* 197, *abade* 274, *aqueibar* 344, *aqueibaran* 369, etc.

En relación coa grafía *v* ou *u* para a consoante está o feito de que para a vogal *u* poida aparecer en posición inicial *v*, como se ve en *vsos* 71, *vn* 107, 204, *vns* 248, 251, *vnha* 93, 108, 112, 205, 213, 295, 359, 360, *vnhas* 109, xunto a *un* 284, 373 e *unha* 124. Ademais, vemos como xa é normal a grafía utilizada modernamente para o feminino, que está nos casos citados e tamén en *cunha* 106, *nunha* 237 e en *hunha* 76, nesta forma co *h* inicial innecesario.

Se pasamos ó texto en portugués hai que lembrar que no norte de Portugal non hai distinción fonolóxica entre *b* e *v*, polo que coincide co galego e por iso no texto hai tendencia a utilizar *b* por *v*. Poderiamos pensar que se debe a que quere representar a realidade fonética miñota, pero máis ben débese á tendencia xeral que se nota tamén na grafía dalgunhas das palabras escritas en castelán xa citadas. Estas palabras escritas con *b* en lugar de *v* son *ballamo* 2, 218, *ebanjeos* 11, *bilaons* 17, *coubas* 18, *tartarabos* 23, *Basco* 24, *trabaõ* 30, *raibosa* 31, *raiboso* 300, *alba* 34, *dubia* 'dúvida' 41, *bento* 43, *balla* 49, *beja* 158, 405, *fabores* 158, *bisabo* 163, *darbos* 188, *darbos ei* 341, *querobos* 208, *deboto* 219, *fabor* 246 (2), *atrebido* 302, *bos* 305, 311, 314, *estabàis* 306, *bosa* 308, *abentajaba* 310, *sobraba* 311, *dabais* 312, *ruiba* 323, *berteu* 323, *balente* 324, *beo* 327, *esperababos* 330, *bitorioso* 330, *sable* 'sável' 332, *conbosco* 335, *raiba* 336, *trabesa* 336, *escachoubos* 337, *bolbe* 340, *bai* 374, 377, *bocè* 377, *rebolbais* 387, *bregoña* 388, *biola* 397, 399, *bejo* 414, 423, 432, *aljaba* 407, *crabada*

409, *basallaje* 413, *bende* 429, *bamoslle* 431 e no castelanismo *ibaō* 335. De maneira contraria están escritos con *u* (*v*) e non co normal *b* as palabras *sauer* 19 e *vicho* 33. Con todo, hai que indicar que moitas palabras están escritas correctamente con *b* ou con *v*, tal como lles corresponde. Temos *b* en *nobre* 3, 28, *rebenta* 4, *brotaō* 5, *besta* 7, *albarda* 8, *bichos* 10, *nabo* 15, *basta* 20, *Brito* 24, *Alberte* 24, *saben* 25, *bo* 33, 159, *ribeira* 37, *bein* 38, 151, 199, 299, 321, *cabasa* 48, *dobrada* 52, 53, *quebrense* 56, *quebra* 140, *quebrou* 303, *diabo* 143, *bela* 146, 301, *lisboa* 147, *bigote* 153, *buscan me* 156, *requebranme* 157, *brioso* 161, *sabeis* 187, *cabesa* 196, 214, *enbaso* 199, *belas* 201, *beijei* 219, *barco* 228, *dirribou* 305, *cabeleira* 308, *roubou* 314, *sabia* 316, *braços* 317, *aberta* 329, *cebola* 333, *borracha* 334, *anbos* 342, *baillara* 400, *bando* 410 e *bendado* 412. Temos *v* en *vea* 32, *vou* 34, *venha* 34, 172, 200, *viraō* 45, *vein* 141, *venho* 187, *vendo* 168, *veja* 174, *vi* 226, *vista* 313, *vitorias* 320, *vinho* 334 e *vida* 392, ás que se suma *priuou* 301, coa grafía *u*. A grafía con *v* tamén aparece para a vogal en *vso* 47, *vn* 1, 145, 161, 195, 399 e *vnha* 393, 407, 409, en alternancia con *un* 420, *uns* 10 e *umha* 8.

3. Uso da grafía j. A primitiva oposición fonolóxica entre as consoantes representadas graficamente por *j* (ou *g*) e *x* desapareceu xa no galego medieval, fronte ó portugués, que mantén as dúas consoantes. Como triunfou o resultado xordo, hoxe escribimos tódalas palabras con *x*, pero durante moito tempo conserváronse as grafías primitivas e por iso no *Entremés* se escribe *juro* 67, 75, 102, *justicia* 69, *fuja* 89, *pastorejadas* 126, *aja* 164, *san Ju*^{o} 165, *beijo* 180, *anjo* 203, *lateja* 207, *ja* 245, 352, 385, *patujando* 252, *juis* 277, *judicarà* 'xulgará' 290, *jantar* 293, *juizo* 346, *carcajo* 347, *bacorejadas* 347 e *oje* 381. Tamén escribe con *j* e non con *g* as palabras *jente* 127, 132, *esparjer* 294, *fojen* 245 e *fijemos* 271, así como o inexistente *discrijiçon* 'disquisición' 288. Como esta grafía non corresponde á realidade fonética, o autor non sempre acerta no seu uso e por iso comete un erro ó escribir con *j* as palabras *seijoadas* 88, *seijoada* 238, *debaijo* 95, *enbaijada* 379 e *deijemola* 391, que debería ter escrito con *x*. Ademais, o feito de que non use *ge, gi* co valor da consoante sonora *j* fai que para a consoante *g* use indistintamente *gue*, *gui* ou *ge*, *gi*, como se ve en *guerra* 61, *taleigueiros* 133, *portuguez* 217, *purtugueses* 356, *freiguisia* 65, *guitarra* 102, fronte a *gerra* 62, *purtuges* 97, *ningen* 349, *freigisia* 349 e *taleigeiro* 375.

Na parte portuguesa non hai casos da consoante xorda e para a sonora escribe sempre *j* e non distingue entre as grafías *j* e *g*. Así, temos *anjo* 2, *seja* 7, 173, 394, *sujeite* 8, *pujar* 28, *aja* 40, 393, 402, *beja* 158, 405, *veja* 174,

jà 195, *ja* 317, 378, *beijei* 219, *joia* 301, *suja* 309, *abentajaba* 310, *pujando* 318, *alantejo* 320, *joiso* 387, *aljaba* 407, *bejo* 414, 423, 432, xunto a *ebanjeos* 11, *jente* 38, 50, 325, *cinjia* 317, *tenjeu* 'tingiu' 322, *basallaje* 413 e *jirasol* 418. Por outra banda, debemos lembrar que no título escrito en castelán o copista escribe *feyxò* fronte a *aravjo* (liña 5).

4. Uso de s, ss, c, ç e z. Se pasamos ás sibilantes volve diferenciarse o galego do portugués, pois na nosa lingua produciuse unha desonorización das sonoras, polo que nun momento determinado existiu unha diferencia entre unha consoante alveolar xorda e outra dorsodental xorda. A partir de aquí nunha parte do territorio permaneceu a alveolar e a dorsodental pasou a interdental, mentres que noutra parte do territorio confluíron as dúas consoantes nunha soa, que nuns sitios é alveolar e noutros dorsodental. Na zona do Miño onde se atopa Caldelas hai seseo, polo que podería esperarse que, falando un labrego, escribise sempre *s*, pero non é o caso. En primeiro lugar cando corresponde ós primitivos *z* e *ç* só escribe *s* en *prasa* 'praza' 81, *ves* 93, *sinta* 'cinto, cintura' 107, *des* 'dez' 133, *cosais* 194, 369 e *quosais* 262 'quizais', *sinpresa* 197, *juis* 277, *pas* 281, *pardès* 256, *rapas* 282 e *pesoña* 389. Ante *e*, *i* usa varias veces a grafía *c* ou *ç*, que está en *lance* 119 (2), *cen* 136, *beces* 136, *facendo* 171, *mercede* 181, *cedo* 184, *catorce* 222, *rapaces* 236, *decer* 261, 355, *pracer* 262, *parece* 282, *raçean* 351, *traición* 359 e *amaneçe* 360 e seguida de *a*, *o* a grafía máis usual é *ç*, igual que ocorre nos textos casteláns da mesma época, como vemos en *raçarà* 73 'rezará', *raçando* 'rezando' 177, *baça* 98, *pestoletaço* 107, *lançadas* 120, *raça* 132, *garrotaço* 202, *ruço* 239, *matança* 256, *dança* 259, *naçasairo* 275, *discrijiçon* 288, *rraçon* 291, *çarro* 348, *colmaços* 353 e *mudança* 395. Debido ó feito de que haxa unha igualdade fonética e de que non existan textos normativos leva o autor a que escriba *ç* en lugar de *s* en *cançando* 255, *caça* 'casa' 361 e *braçalo* 'brasas o' 361. A grafía con *z* só aparece en *juizo* 346 e por adaptación á norma existente naquel momento en Portugal en *portuguez* 217, fronte a *purtuges* 97 e *purtugueses* 356. En segundo lugar, cando corresponde ós primitivos *s* e *ss*, usa regularmente a grafía *s* e non a innecesaria *ss*, como vemos cando era sonoro no medieval en *freiguisia* 65, *freigisia* 349, *asas* 66, *vsos* 71, *vase* 90, *cousas* 114, 281, *cousa* 213, *desalmado* 202, *casa* 279, *mesa* 365, *corteses* 367, *mesurados* 367, *ousados* 370, *fromosa* 379 ou cando era xordo en *esa* 94, *bosa* 96, 181, *bosos* 382, *posa* 101, *atrabesada* 108, *bosastede* 180, *iso* 190, 211, *asi* 249 (2), 289, *noso* 258, *naçasairo* 275 e *osos* 383. Só nunha ocasión aparece escrito *essa* 213.

Se pasamos ó texto escrito en portugués o autor non ten clara a distinción entre as grafías *s*, *ss*, *ç* e *z*, de aí que presente moitas interferencias entre elas. Así, non distingue graficamente entre o *s* xordo (escrito *ss* en posición intervocálica) e o sonoro. Debido a isto escribe correctamente *raibosa* 31, *raiboso* 300, *quisermos* 44, 57, *quiser* 51, *vso* 47, *fuso* 48, *brioso* 161, *airoso* 162, *bisabo* 163, *desalmado* 302, *priciosa* 308, *ludosa* 309, *rosa* 315, *bitorioso* 330, *fromoso* 331, *amorosos* 426, *zelosos* 427 e incorrectamente *pase* 9, *pesoa* 9, 146, *pasaon* 10, *poso* 27, *nosa* 58, *asi* 163, 173, *pasariño* 168, *bosa* 308, *asado* 332, *trabesa* 336, *niso* 386, *basallaje* 413 e *jirasol* 418. Tampouco ten claro cando hai que escribir con *ç* (ou *c*) ou con *z* e comete bastantes erros, ós que se une ás veces a interferencia coa grafía *s*. É correcta a grafía con *ç* ou *c* en *lançadas* 44, *ganança* 58, *parece* 160, *duçura* 170, *duçuras* 429, *braços* 317, 340, *cinjia* 317, *cebola* 333, *cabeça* 337, *abraços* 341 e *dança* 394 e con *z zelosos* 427, pero noutras moitas palabras a grafía está mal. Así, escribe *c* en lugar de *z* en *facer* 54, 335, *doncelas* 156, *lucido* 303, *cocido* 332, *traçe* 397, *trace* 399 e *tracer* 409 e *z* en lugar de *ç* en *lazos* 426. Por outra banda, escribe *s* en lugar de *ç* en *cabasa* 48, *perfeisoado* 151, *cabesa* 196, 214, *enbaso* 199 e *sirolas* 316 e, contrariamente, pon *ç* en lugar de *s* en *caçar* 'casar' 405, 414, 423, 432 e en lugar de *ss* en *ciscacen* 'ciscassem' 319 e *coiço* 'com isso' 343. Finalmente escribe *s* por *z* en *traso* 145, *fes* 319, *joiso* 387 e *rapas* 420.

5. Uso de ll, ñ e lh. As grafías *ll* e *ñ* son as propias do galego desde sempre e na parte galega non temos ningún caso das grafías portuguesas *lh* e *nh*. Así o vemos, por un lado, en *canalla* 62, *lle* 115, 183, 227, 381, *lles* 358, *darlle* 66, *llan* 121, *espetandollas* 122, *esfarelandollos* 129, *sacarllas* 130, *llei* 203, *boteille* 222, *antigualla* 74, *orellas* 84, *carballos* 100, *migalla* 106, *galletas* 109, *illarga* 112, *bandullo* 121, *talladas* 128, *callau* 189, *mulleres* 236, *bello* 257, *bellos* 236, *mellor* 257, *alloada* 269, *pilla* 295, *orellas* 380, *gadellas* 381 e na forma castelán *ellos* 239. A forma *mill* 113, 346 conserva a grafía medieval e *nara malla* 90 'noramala' é un erro da copia. Por outro lado aparecen *miña* 64, 395, *tamañas* 66, *teñan* 80, *veñan* 103 (2), *entrañas* 122, *mañan* 166, 360, *resmusmuniñando* 176, *señor* 190, 258, *diñeiriño* 268, *diñeiro* 351, *teño* 358, 359 e *pesoña* 389.

Contrariamente a isto, na parte portuguesa non segue unha única regra e distingue entre as dúas consoantes. Para a primeira só usa a grafía galega *ll*, que aparece en *ballamo* 2, 218, *tallada* 14, *pallas* 24, *antigualla* 46, *balla* 49, *atropellar* 55, *escullidos* 142, *lles* 143, 160, *entallado* 148, *racharlla* 196,

espello 298, 303, *ollos* 312, 340, *ollar* 313, *lle* 322, *allo* 333, *baillara* 400, *llan* 413, *bamoslle* 431, no castelanismo *basallaje* 413 e tamén está escrito así *mill* 40, 149, 150, 158, 341. Para a segunda xa alterna a grafía propia do portugués coa propia do galego e por iso temos, por un lado, *tamanha* 7, *minha* 9, 50, 392, 403, *venha* 34, 172, 200, *ninhuma* 41, *tenho* 152, 155, *ninhun* 172, *venho* 187, *tinha* 299, 331, *vinho* 334 e por outro *poño* 49, *miño* 147, *pasariño* 168, *cariño* 307, 416, *moleiriña* 328, *bregoña* 388, *conpañeiro* 404, *camiño* 419 e *armiño* 420. Non sabemos se está escrito *festin[ha] ou festiña* 393 e aparecen erroneamente *fuçino* 'focinho' 152 e *ganou* 320, que pode ser un castelanismo.

6. Uso do h. En diferentes formas do verbo *haber* o *Entremés* segue a grafía tradicional e aínda non reintroduce o *h* latino que se foi impoñendo pouco e pouco na lingua. Véxanse na parte galega *ajo* 115, *ei* 294, *einos* 128, *llei* 'lle hei' 203, *ay* 132, 183, 263, 364, *ai* 191, 285, *sai* 'se hai' 359, *à* (ou *a*) 77, 85, 92, 125, 269, 273, 280, *an* 63, 68, 75, 79, 104, 131, 365, *chan* 'che han' 193, *llan* 'lle han' 121, *abes* 95, *aberà* 198, *aja* 164, *auer* 77, 85, *dauer* 125 e *ouben* 83. A todas estas formas hai que sumar o adverbio *oje* 381, a expresión *ora mà* 249 e a forma errada *nara malla* 'noramala' 90. Con *h* só aparece *home* 242 e de maneira incorrecta está en *hinchando* 110, que usa xunto ó normal *inchada* 96, e en *hunha* 76, xunto a *vnha* 93, 108, 112, 213, 295, 359 e *vnhas* 109.

De igual maneira na parte escrita en portugués alterna o uso de *h* coa grafía primitiva sen ela e por iso aparecen *ei* 16, 37, *erdei* 23, *aja* 40, 393, 402, *a* 42, 51, 52, 54, 58, 210, 409, *ay* 49, 147, *aõ* 55, *orto* 154 e *llan* 413, fronte a *horta* 15, *honrrada* 22, *homẽs* 137, *homen* 161, *historias* 321 e tamén en *christo* 53, 159. De forma ultracorrecta aparece un *h* en *hè* 'é' 146, 416, 420, 425 e en *meho* 'meio' 332, en alternancia con *è* 418, 430, *meo* 332, 334, *meu* 333 'meio' e *mea* 394.

7. Uso de nb, np. Na secuencia da consoante nasal seguida das bilabiais *b*, *p* escribe *n* e non *m*, tanto na parte galega coma na portuguesa, como vemos, por un lado, en *tanboriladas* 86, *lonbo* 227, *onbreiro* 350, *enbaijada* 379, *inpipinando* 111, *sinpresa* 197 e *conpadre* 250 e, por outro, en *enbaso* 199, *anbos* 342, *conbosco* 335, *senpre* 210, *canpo* 325, *conpañeiro* 404 e *conprar* 431.

8. Uso da conxunción e ou i. Na parte galega a conxunción *e* cando vai seguida de palabra que empeza por consoante aparece escrita *e* (ou *è*),

como se ve en *è cantos* 67, *è custumes* 71, *e dela* 79, *e vase* 90, *è cousas* 114, *e se* 120, *è mà* 165, *è ma* 166, *è pouco* 179, *e que* 183, *e non* 191, 370, *è non* 255, *è paus* 198, *e tu* 224, *e diñeiriño* 268, *è todo* 275, *è con* 278, *e quinteiro* 279, *e polas* 281, *e judicarà* 290, *e dia* 348, *e todos* 351, *è manteles* 365, *è mesurados* 367, *è volber* 371, *e ti* 382, *e digo* 391. Pola contra, se segue unha vogal escribe polo xeral *y*, como está en *y as* 70, *y os* 84, 382, *y eles* 93, *y abes* 95, *y estai* 254, *y eu* 260, *y a* 239, 273, 363, y à 216, *y e* 'é' 277, *y asi* 289, *y o* 347, *y amaneçe* 360, *y en* 361. Contra esta regra, hai catro casos nos que aparece *e* ante vogal. Son *è os* 118, *è ardan* 136, *è vnha* 205, *è outros* 251.

Na parte portuguesa de maneira idéntica temos *e* ante consoante en *e pela* 14, *è papas* 18, *e mà* 31, *e prata* 36, *e cantas* 43, *e tres* 53, *è muy* 162, *è canta* 170, *e do* 188, *e venha* 200, *e parentes* 221, *è de* 301, *e mimo* 307, *è vista* 313, *e dela* 319, *e tinha* 331, *e meo* 332, *è meo* 334, *è vida* 339, *e co* 343, *e seja* 394, *e trace* 399, *è finome* 406, 424, 433, *e finome* 415. Cando segue vogal escribe *y* en *y às* 4, *y Alberte* 24, *y os* 27, 402, 428, *y apenas* 34, *y a* 50, 328, *y aunque* 158, *y atrebido* 302, *y espada* 317, *y agora* 326, *y o* 416, 417, *y è* 430, coa única excepción de *è allo* 333.

9. Uso de rr. En posición inicial de palabra escribe normalmente *r* tanto na parte galega coma na portuguesa. Na galega temos *ribeira* 125, *rapas* 282, *rapaces* 236, etc. e só en tres palabras aparece dobre consoante. Son *rribeira* 232, *rraçon* 291 e *rrio* 184, que alterna con *rio* 247 (2). Na portuguesa están *ribeira* 37, *redadas* 42, *retorto* 153, *rendido* 155, *raiba* 336, *rapariga* 396, etc. e só hai duplicación en *rracho* 214 e tamén en *honrrada* 22.

10. Uso da segunda forma do artigo e contracción vocálica. Na parte galega é moi frecuente que no texto se use a segunda forma do artigo ou que haxa contracción de dúas palabras. Vemos a forma do artigo en *tomalo frio* 185, *saltalas moas* 193, *polas cousas* 281, *deijemola endeita* 391, *en braçalo quinteiro* 'brasas o' 361 e a contracción en *santanton* 81, *sos* 'se os' 100, 353, *do*, *da*, *dela* 79, *del* 216, *despada* 106, *dagardar* 115, *llan de redar* 121, *espetandollas entrañas* 122, *dauer* 125, *esfarelandollos cascos* 129, *sacarllas almas* 130, *llei de dar* 203, *àpilido* 'a apelido' 233, *doutros* 248, *castigos* 'castigaos' 258, *anquo* 'anque o' 267, *custar alloada* 269 ('a alloada'), *porqualfin* 276, *librama* 'líbrame a' 279, *quanque* 282 'que anque', *que pasmo* 'que é pasmo' 285, *sacho* 'se acho' 293, *quainda* 294, *teño grande* 'téñoo' 359, *sai* 'se hai' 359, *bejos calados* 'véxoos' 366,

quandan 'que andan' 367 e *disto* 372. Na unión da preposición *a* co artigo tamén usa a contracción en tódolos casos e así temos *à* 107, 184, 232, 294, *às* 380, *ò rio, ò rio* 247, *o cabo* 'ao' 197 e *os* 'aos' 356. Ademais, pon contracción e eliminación da vogal final da palabra anterior en *ido fundo* 'ide ó fondo' 254, *porquo cabo* 'porque ó cabo' 365. No encontro da preposición *con* co artigo son normais *co* 64, *coa* 96, 223, 350, *cun* 217 e *cunha* 106 e temos perda do *n* en *coeles* 247, *coesta* 369 e no encontro da preposición *en* co artigo aparecen *no*, *na* e *nunha* 237. Mantense o *e* en *de estar* 177, *de esparjer* 294 e *sobre eles* 244 (2).

Na parte portuguesa hai elisión da vogal final cando a palabra seguinte empeza por vogal en *ballamo* 2, 218, *queles* 'que eles' 144, *dendo* 'dende o' 147, *racharlla* 196 'racharlle a', *quanamigo* 'que inimigo' 300, *quas* 'que as' 312, *quo* 'que o' 323, *beja* 'vexo a' 405, *doiro* 'de ouro' 408, *desdo rei* 411, *llan* 'lle han' 413, *naōs* 'non os' 428 e *do*, *da*, *delas* 159 e *dela* 319. Esta elisión non sempre ocorre, pois hai moitos casos nos que se conserva a vogal, como en *que uns* 10, *que en* 12, *que ei* 16, *de atropellar* 55, *de estar* 37, etc. Hai contracción da preposición *a* co artigo en *à* 305, 310, *ò* 322 e *escullidos ò dedo* 142, da preposición *en* en *nun* 327, *noutra* 226, *na* 37, 137, *no* 320, 410 e da preposición *con* en *coiço* 343 e *coa* 329, 399.

11. Características léxicas. Hai numerosas palabras que presentan a forma adecuada, pero algunhas adoptan unha forma máis propia da lingua falada ou da zona miñota. Así, na parte escrita en galego aparecen con *o* as palabras *agoa* 78, *pascoa* 165, *pegoreiro* 211, *fromosa* 379 e *fumo* 'fume' 361; alternan *paos* 85 e *paus* 198, *treidores* 135 e *traidores* 363; con *i* temos *inpipinando* 111, *cirimonias* 113, *freiguisia* 65, *freigisia* 349, *àpilido* 233, *firido* 234 e *entendimento* 284; con *u* están *custumes* 71, *purtuges* 97, *purtugal* 263, *purtugueses* 356, *callau* 189, *fundo* 254 e *tuber* 'tiver' 89; con *e* o dialectal *decer* 261, 355, *pestoletaço* 107, *despara* 241 e *remedearnos* 280 e con *a* as palabras *raàs* 'reais' 86, *raçando* 'rezando' 177, *naçasairo* 275, *raçean* 351 e *gadellas* 381. Hai metátese da vogal *i* no citado *naçasairo* 275 e en *luminairo* 272 e deformación das palabras en *ratolaca* 116 ('retórica?'), *discrijiçon* 'disquisición' 288, *en sacolorio* 212 'seculorum', *parrocha* 273 'parroquia', *miliolo* 207 (que alterna con *miolo* 345) e *nara malla* 'noramala' 90, que alterna con *ora mà* 249 e o adxectivo *mala* 124. Son formas propias da zona occidental de Galicia *mañan* 166, 360, *man* 112, 390, *mans* 180 e *lan* 371, o plural *manteles* 365 e as palabras *cantos* 67, 356, *catro* 110, *catro centos* 117, *catorce* 222, *garda* 203, 225, *gardaibos* 242

e *dagardar* 115. Tamén é normal o rotacismo en *diabro* 77, *diabros* 117, *pracer* 262 e *preito* 267, pero son vulgarismos *sinpresa* 197 e *craro* 105, a forma deformada *praineita* 124 e a metátese en *fromosa* 379 e *pornosticado* 123.

Na parte portuguesa no vocalismo átono atopamos formas que queren reflectir a pronuncia ou a primitiva alternancia entre determinadas vogais. Aquí podemos ver *u* en lugar de *o* en *escullidos* 142, *fuçino* 152, *duçura* 170, *duçuras* 429, *pudia* 325, *mufina de min, mufina* 338 e na forma tónica *pus* 'pôs' e contrariamente *o* por *u* en *sepoltura* 342 e *joiso* 387. Temos *i* por *e* en *misma* 5, *apilidai* 231, *quirido* 296, 430, *dirribou* 305, *priciosa* 308, *minino* 304, 324, *mininas* 312, *sirolas* 316, *dilicada* 328, *firido* 377, *ninhuma* 41 e *ninhun* 172 e *e* por *i* en *desparai* 229, *tenjeu* 'tingiu' 322, coa alternancia entre *dicir* 20, *decendo* 47 e *decer* 208. Outras formas son *a* por *i* en *quanamigo* 'que inimigo' 300, *a* por *e* en *alantejo* 320, *e* por *a* en *abentajaba* 310, *coubas* 18 (forma miñota por *couves*), *e* por *o* en *testoins* 'tostões' 331 e decídese pola forma dialectal en *doiro* 'Douro' 322, *doiro* 'de ouro' 408 (xunto a *ouro* 297) e *oitros* 428. Conserva a forma propia *Portugal* 209 e hai un erro na escrita en *teis pais* 'teus' 307 e *meu casco* 'meio' 333. Coincide co galego en usar as formas norteñas *canta* 31, *cando* 37, *cantas* 43, *canto* 429, *garda* 50, *agardeis* 230 e *agardas* 230. Nas palabras con rotacismo son normais *pragas* 26, *prata* 36, 310, *pratas* 149, *crabada* 409, *nobre* 3, 28 e *dobrada* 52, 53, ó contrario do texto en galego usa a forma *diabo* 143 e presenta metátese en *frol* 305, *fromoso* 331 e no vulgarismo *bregoña* 388.

11.1. Na parte galega hai outras palabras que cómpre sinalar, pois non presentan a forma máis usual. Nos verbos podemos citar *ajo* 'hei' 115, *so* 204, 272 '(eu) son', *tornai* 250, *estai* 254, *abes* 95, *andés* 255, *pudo* 257, *posa* 101, *quer* 62, 344, *tuber* 89, *ouben* 'oen' 83, *cai* 'cae' 260, *de* 'dea' 166, *vase* 'váiase' 90 e o uso de *fiar* seguido de *en* e non de *de* en *fiar neles* 364. Tamén usa nunha ocasión *espilico* 'explico' 354, *judicarà* 'xulgará' 290 e *resmusmuniñando* 176. No verbo *poñer* son normais as formas reducidas *pondo* 112, *por* 128, 273, 365 e *polas* 281, tamén a forma occidental *tendes* 384 e no pronome *el* 167, 280, *cha* 215, *eche* 94, *che* 166 e *chan* 193, xunto a *te* 164, así como *aqueibar* 344, *aqueibaran* 369 'serenarse, aquietarse', típica do portugués norteño.

Na parte portuguesa usa *sò* 19(2), *so* 160, ó lado de *sou* 150 e *son* 159, as formas verbais *sabeis* 187, *acudi* 220, *arrimay* 228, *desparai* 229, *agardeis*

230, *apilidai* 231, *estabàis* 306, *faleis* 386, *rebolbais* 387 e *beo a morrer* 327. Outras palabras dignas de mención son *ate* 29, 411, *logo* 'despois' 45, *logo que me veja* 174, *tanto que* 154, *apenas* 34, *malpecado* 326, *inda que* 40, *cadal* 210 'caudal', *baillara* 400, *carceleiro* 'carcereiro' 425, *aufegado* 'ofegado' 327, *ganança* 58, a forma alterada *tartarabos* 23 e as formas comúns ás galegas *el* 144, *aquel* 412, *si* 'sim' 182, *cheos* 18, *sable* 'sável' 332, *despois* 341, *dendo* 'desde o' 147, *bo* 33, 159 e o pronome *che* 214, diferente de *te* 303.

11.2. Das palabras usadas na parte galega hai que indicar outras formas. Así, usa o vulgarismo deformado *cosais* 194 e *quosais* 262 'quizais', o portuguesismo miñoto *samica* 'por ventura' 354, as formas pouco galegas *ora ben* 264, *pà* 375, 379, *eilos* 237, *eis* 248 e *es aqui* 390, a variante dialectal *mui* 90, 266, 283, *muy* 357, *muita* 79 e a forma plena na posposición *quandan corteses muito* 367, o substantivo *medio* 235, os demostrativos *iso* 190, 211 e *isto* 101, 123, 264, *disto* 372, o adxectivo *mala* 124 e a forma reducida no feminino *ma mañan* 166, *ora mà* 249, *mà pascoa* 165, co uso erróneo no masculino *má san Ju*^{o} 165. No tratamento o labrador galego usa primeiramente as formas de cortesía *bosastede* 180, *como esta bosa mercede?* 181 para dirixirse ó morgado portugués, mais despois, cando están discutindo e pelexando, pasa a usar *tu* 224, *se bolbo a ti* 225, *e ti y os bosos* 382, así como en *chan* 'che han' 193 e *tamen cha racha borgorio* 215. Para o adverbio de negación é normal *non* 115, 120, 167, 191, 211, 255, 257, 262, 270, 344, 358, 370 e seguido do pronome *nono* 261, *nonos* 83. A única forma discordante é *no ai* 285, por castelanismo ou por erro. Na combinación de *por* co artigo usa as formas propias *polo* 235, *pola* 292, no artigo aparecen *vnha* 93, 108, 112, 205, 213, 295, 359, *hunha* 76, *vnhas* 109, *nunha* 237, *cunha* 106 e no indefinido son normais *ningun* 287 e *ningen* 349, pero na conxunción alternan *nin* 286 (2 veces) e o medieval e portugués *nen* 99, 287, 349. Outras palabras dignas de destacar son *desque* 61, *seica* 185, *tamen* 215, 268, 395, *só* 389 e *somentes* 76, *somente* 134, *amais* 'ademais' 78, 272, *porque* 'para que' 251, *pois que* 'posto que' 259 ou o comparativo *coma* 213, 245, 363. Tamén usa sempre como conxunción *mais* 'pero' 82, 115, 179, 206, 261, 270, 352, 359, 366, 372, 381, igual que coma comparativo *mais* 275, como preposición *para* 133, como adverbios *ala* 253 e *acà* 103, como indefinido *todo* 275, *todos* 350, 351, 362 e para o plural do pronome alterna a forma propia na frase *non lles teño eu medo* 358 coa forma que se implantou en moitas partes de Galicia *darlle* 'darlles' 66.

Na parte portuguesa hai formas iguais e outras diverxentes. Atopamos *ora bein* 199, as variantes *mui* 148, 297, 426, 430, *muy* 162 (2) e *muto* 151, 153, 161, 188, 427, *mutos* 319, *muta* 319, 325, *mutas* 156, 320, 405, 414, 423, 432, os adxectivos *meho* 'meio' 332, *meo* 332, 334, *meu* 333 e *mea* 394, os demostrativos *isto* 1, 20, 41, 314, *coiço* 'com isso' 343 e *niso* 386 e o adxectivo *mà* 31. No tratamento un portugués usa a forma de cortesía *bocè* 377 e as formas verbais ou pronominais correspondentes, pero no pranto que fai a namorada (296-343) alterna o uso da forma de cortesía con *tu*. Para o adverbio de negación só usa *naõ* 3, 4, 17, 25, 47, 54, 140, 144, 160, 173, 195, 230, 316, 386 e co artigo contrae en *naõs* 'non os' 428. Na combinación de *por* co artigo usa as formas propias *pelo* 10, 43, *pelos* 11, 35, *pela* 13, 14, 28, no artigo usa *umha* 8, *vnha* 393, 407, 409 e no indefinido *ninhuma* 41 e *ninhun* 172. Noutras palabras coincide co galego no uso de *somente* 145 e do comparativo *coma* 149, 150, 420 e sepárase en *tamein* 400. Como conxunción utiliza *mais* 'pero' 26, 336, como comparativo alterna *mais* 139, 146, 170, 387 e a forma castelá *mas* 'máis' 10, 40, 54, 210, 230, 386, para a preposición alternan *pera* 26, 196, 335 e *para* 342, como adverbio aparece *ca* 'acá' 397 e como indefinido alternan *tudo* 55, 314, 401 e *todos* 419, 431.

11.3. Dentro da riqueza lexical do *Entremés* hai moitas máis palabras dignas de mención. Na parte galega pódense citar *asas* 66 'alas', *fenteria* 78, *tanboriladas* 86, *galantes seijoadas* 88, *galantes pastorejadas* 126, *denegrada* 104, *sinta* 'cinto, cintura' 107, *galletas* (como arma de defensa nas pernas) 109, *sino* 'campá' 233, *ruço* 239, *alloada* 269, *pilla de bosta* 295, *bacorejadas* 347, *colmaços* 353, *morlacos* 362, *taleigeiro* 375 ou *endeita* 391. Tamén hai expresións humorísticas, como utilizar a palabra *crega* 286, *juro por santa guitarra* 102 ou *nos bos furen à boroa* 243, fórmulas feitas como *calen barbas, falen cartas* 72, a invención *juro por tantos è cantos* 67, a fórmula de autoafirmación *que para des taleigueiros / somente Roleiro basta* 133-134 e as expresións *alor da calor que bai* 186, *ende iso, señor, porque?* 190.

Na parte portuguesa aparecen palabras como *papas* 18, *maganos* 25, *despostura* 169, *cacheirada* 329 e expresións como *casco de cebola* 333, *neto è meo de vinho na borracha* 334, *os que conbosco ibaõ facer cacha* 335, etc. O fidalgo portugués fai un eloxio de si mesmo e utiliza fórmulas que indican un alto grao de autoestima, como "do corpo mui entallado, / da cara coma mill pratas, / pois eu sou coma mill natas, / muto bein

perfeisoado" 148-151, "tanto que o lirio do orto / en gala tenho rendido" 154-155, pero que chega ó ridículo cando di "tenho ò fuçino polido" 152. No pranto que fai a portuguesa vendo o seu amor morto atopamos versos moi logrados, empezando xa polos primeiros, que son "meu quirido, meu mimo, meu morgado / meu ouro fino, meu mui doce amado" 296-297, e noutros como en "quein foi ò que cortou rosa taō rica?" 315.

12. Castelanismos. Como é normal nun texto galego do século XVII (e igual do XVIII) o autor, educado en castelán, usa ás veces a forma do castelán e non a propia do galego. Así, xunto a *deus* 166, aparecen *pardios* 192 ou *pardès* 256 e a expresión *à de dios y à del rey* 216. Outros castelanismos son *ba* en *mais ba que lle sacudo* 381, *ea, ea seijoada* / *aperta ruço y a ellos* 238-239, *y a postre* 363, *al fin* 271, *porqualfin* 276, *amaneçe* 360, *traición* 359, *cachiporra* 223, *sordos* 83, *treta* 94, *bosastede* 180, *bosa mercede* 181 e tamén as expresións *de vir por lan è volber trasquilados* 371 e *bato a tristo* 373, que é un erro por 'voto a Cristo'. En *anque* 69, *anquo* 'anque o' 267, *quanque* 'que anque' 282 temos unha adaptación ó galego do castelán *aunque*.

Tamén na parte portuguesa podemos citar *pela leite* 12, *a sangue* 22, *mà sangue* 31, *sangue ruiba* 323, *mas* 'máis' 10, 40, 54, 210, 230, 386, *atropellar* 55, *manada* 139, *bigote* 153, *misma* 5, *donde* 6, 314, 339, *ganou* 'ganhou' 320, *mercader* 430, *destruian* 'destrúan' 39, *vn tris* 195, *con migo* 141, xunto a *conbosco* 335, *aunque* 158, *anque* 421 e na expresión *que nos afogamos* 246, na que sobra *nos* porque con el o verso ten unha sílaba máis.

Literariamente o *Entremés* segue os tópicos existentes no teatro da época, pero con grandes acertos, como se pode ver nos traballos de Dolores Vilavedra ("*O Entremés famoso...,* ¿Elo ou illó?", publicado na citada Revista *Ensino*, nº 1, 1997, 129-132) ou de María José Martínez ("El entremés de *La contienda sobre la pesca del río Miño* (1671): un problema de definición genérica", en José Luís Rodríguez, ed., *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, II, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, 2000, 425-444), e desde o punto lingüístico, como vimos nas páxinas precedentes, trata de reflectir a lingua falada propia dun labrador galego e a lingua máis requintada dos personaxes portugueses, coa tendencia a indicar as peculiaridades da fala miñota. O resultado é unha obra digna do mellor teatro da época e a pena é que, tendo en conta a súa valía, non dispoñamos de moitos máis textos

semellantes na nosa lingua, nunha época en que o galego era a lingua imperante en todo o territorio, sen que dominase na literatura porque unha minoría instalada no castelán era a que se apoderara da lingua escrita.

Ramón Lorenzo Vázquez
Catedrático xubilado da USC e Académico da Real Academia Galega

GABRIEL FEIXOO DE ARAUXO

ENTREMES FAMOSO

SOBRE

DA PESCA DO RIO MIÑO

ANO DE 1671

EDICIONS MONTERREY

VIGO - MCMLIII

ENTREMES FAMOSO SOBRE DA PESCA DO RIO MIÑO

R/963

GABRIEL FEIXOO DE ARAUXO

ENTREMES FAMOSO

SOBRE

DA PESCA DO RIO MIÑO

ANO DE 1671

TRANSCRIPCION, LIMIAR E NOTAS
DE FERMIN BOUZA - BREY

ILUSTRACIONS DE XOHAN LEDO

BIBLIOTECA
VIGO
PENZOL

EDICIONS MONTERREY

VIGO - MCMLIII

Imprimíronse diste libro 220 exemplares; 12 siñados coas letras A-K, non venales, en papel de fío especial Guarro; os outros numerados do 1 ó 208, para a venda, en papel verxurado da mesma marca.

Exemprar n.º 24

L I M I A R

En van esculcaredes nas historias literarias galegas en percura do nome do Licenciado Gabriel Feixóo de Araúxo e da sua obra teatral, que agora asoellamos, pois o descoñecemento cáseque absoluto da producción poética en galego nos séculos XVI, XVII e XVIII, ten no esquezo aos cultores do noso idioma na época chamada do seu decaimento. E trátase nada menos que da primeira peza coñecida de teatro no orde cronolóxico, escrita en língoa galega, con moito adianto ás que se siñalaron ata agora como taes.

En efecto, prescindindo das orixens litúrxicas ou populares, das farsas sacro-profanas, dos «misterios», dos autos representados en certas festas relixiosas, de que non se conservan mostras, agás dos vilancicos, tiñamos de chegar ao primeiro coarto do século XIX pra poder siñalar as primeiras pezas teatraes galegas deica hoxe coñecidas, como as precursoras da dramática en Galiza, xénero que non acadou no intre do renacimento lingüístico desenrolo parello aos outros.

Distas obras a mais importante, no noso xuicio, e *A Casamenteira,* sainete pra catro persoaxes, escrito na cárcere no ano 1812, por aquel tempestuoso encadeado que foi Antonio Benito Fandiño, de cuia rexa persoalidade todo está aínda por falar. O raro sainete foi imprentado en homa-

xe á lembranza do autor no ano 1849, e saíu do taller ourensán de Xohán María de Pazos. Non reeditado dempois, hoxe constituie unha curiosa peza da bibliografía galega. (1)

As outras duas producciónes son: *O Pleito do Galego*, xoguete cómico bilingüe, ten por tema a consulta de un labrego ao seu Abogado, encol do casorio cunha muller fea, mais con diñeiro. A outra peza, tamén inédita e bilingüe, de tíduo e autor iñorados por faltar a portada do manuscrito, ten por esceario as mesmas terras do entremés que agora pubricamos, pois desenrólase a acción en Tui, e ven sendo «unha sátira dos realistas contra os liberaes do ano 12, que tende por riba de todo a pór de releve e no ridículo á persoalidade do sonado ingrés Wilson, que tanta axuda emprestou aos galegos na guerra contra os franceses...» (2)

Dempois... hai que deixar pasar setenta anos pra que na noite do 13 de Agosto de 1882, saia ás táboas do «Liceo Brigantiño» da Cruña o «drama de costumes galegos en dous actos en verso» *A Fonte do Xuramento*, orixinal de don Francisco M.ª de la Iglesia (3). Seguiránlle a iste benemérito escritor, Armada Teixeiro, Galo Salinas, Cibeira, González Varela, San Luis Romero, Cabanillas, Vilar Ponte, Cotarelo, Carré...

Por isa circunstancia de prioridade, así como por méritos intrínsecos de que non ten falla, certamente, era o ENTREMES FAMOSO SOBRE DA PESCA DO RIO MIÑO, de Feixóo de Araúxo, dino de ter saído á luz denantes de agora.

Consérvase o noso entremés nun manuscrito non orixinal, de letra do século XVII, da Bibrioteca Nacional de Madride, baixo a sinatura 16.717. Compónse de 4 follas en 4.º e procede da Bibrioteca da Casa ducal de Osuna.

A primeira menzón de ista peza topámola en 1860 no *Catálogo... del Teatro antiguo español...* de Cayetano

Alberto de la Barrera, que dá o verso inizal e o rexistra baixo o tíduo ENTREMES DE LOS LABRADORES, no testo da obra e co de CONTIENDA QUE TUVIERON LOS LABRADORES DE LA PROVINCIA *(sic)* DE CALDELAS SOBRE LA PESCADERIA *(sic)* DEL MIÑO, no índice da mesma (4).

Mais tarde, incrúiea no seu *Catálogo de las piezas de teatro*... o erudito Paz y Melia, consiñando o primeiro e derradeiro versos (5).

O único investigador galego que estudou este manuscrito foi o sempre desvelado por Galiza e as suas cousas, o inesquencibre benemérito das nosas letras D. Salvador Cabeza de León, que fixo o traslado topándose en Madride en 1914, e hachou dificultades na transcripción do entremés por a letra «mui miuda», asegún íl mesmo nos decrara (6); mais non o tirou do inédito en que deica agora xaceu.

O argumento da peza de teatro que pubricamos ten por base un feito histórico, aludido no encabezamento do apógrafo: A CONTENDA QUE TIVERON OS LABRADORES DA FREIGUESIA DE CALDELAS COS PORTUGUESES SOBRE DA PESCA DO RIO MIÑO, ANO DE 167...

Trátase de un de tantos episodios fronteirizos que non somentes ocurrían destoncias, no s. XVII, cando aínda estaba fresca a lembranza da guerra hispano-lusitana, da Restaurazón portuguesa, en 1640, senón que son episodios naturaes, secuenza da vida rural, ocasioados polo pasto ou pola pesca en común; mais que non interrompen as amistosas relacións entre os pobos raianos de Portugal e Galiza, tradicionaes pola interconcurrenza a feiras e festas, o comercio entre galegos e miñotos e os casamentos entre os veciños de un e outro país. Apenas cen anos dempois da loita de Caldelas houbo disputa parella, por pastoreio de gando na fronteira trasmontana, qui si non topou poeta que a dramatizase, hachou cronista que agora nola referise (7)

En tal episodio histórico, que debeu ser soado nas veciñanzas de Caldelas de Tui, tomou fundamento o Licenciado Feixóo de Arauxo pra escribir no ano seguinte, aos poucos meses de sucedido [8], o entremés no que somentes interveñen cinco persoaxes, catro portugueses e un galego [9]. O persoaxe principal, que é o labrador galego Gorgorio Roleiro, representa a xustiza popular, posto que trata de oporse, fundado en documentos antigos, «usos e costumes», á pretensión de certo fidalgo portugués que, pola forza, con xente armada, trata de redar no río Miño mais veces que os honrados labradores de Caldelas, que entenden que a un lance de unha veira somentes corresponde botar outro lance da outra, e non mais. A acometida do fidalgo ca espada responde o labrego dándolle unha pancada. Berran os dous, cada un polos seus, e ármase crúa loita na que os portugueses levan as de perder, de xeito que os labradores de Caldelas, fartos de dar pancadas, témense da Xustiza; mais os portugueses, medoños tamén polos paus recibidos, fan as paces cos seus veciños galegos, e dánse as mans un portugués e mais o labrador. O portugués pide a viola, o galego o pandeiro e remata todo en festa e baile, como era perciso entre quenes son, ao cabo, a mesma xente, cos mesmos costumes a abalorio.

O manuscrito que contén a peza príncipe da nosa dramática non é orixinal. Pola contra, tratáse de unha copia, e aínda débese decir que de unha má copia, posto que o copista cometeu evidentes erros nos léxicos portugués é galego en que está escrito o diálogo, amais de deturpar, por supresión ou engádega, alguns versos. Pódese postular á vista de isto que o copista non era fillo de Galiza nin de Portugal. E concurre a afiuzar isto o feito de que tanto o encabezamento como as nótulas entremediadas pra siñalar as esceas

están traducidas do galego ao castelán, según transparentan certas verbas como *cortinina*, diminutivo galego *cortiniña*. Por tanto, impónse unha axeitada restituzón, indicando o necesario pra que se conoza no posibre a versión primitiva. Tamén poremos en ortografía galega moderna a caprichosa que o apógrafo conten, espricando en notas o que sexa de intrés. Mais adiante insistiremos nisto.

Consta a pequena peza de 433 versos; mais compre destacar a variedade métrica que se ostenta en tan estreito campo poético.

Escomenza con un romance octosílabo con rima en *a*, sostida nos longos monólogos que recitan o fidalgo portugués e mais o labrador galego, espricando as causas da querela. Seguen redondillas de graciosa feitura, que lle dan vida e movimento ao intre da contenta entre os grupos, a través dos palramentos dos mesmos fidalgo e labrego. Continúase con pareados endecasílabos, moi axeitados ao pranto que unha portuguesa fai encol do corpo abatido do seu home. Prosegue con heptasílabos e mais endecasílabos combinados formando silva, e remata cunha graciosa letrilla de amor, en que se combinan redondillas e quintillas formando nona, estrofa ista rarísima na lírica peninsuar. ¡Era un bó preceptista o escritor Feixóo de Araúxo!

O lingoaxe galego en que está escrito o entremés é o popular ribeirán que aínda hoxe se usa na banda galega do Miño, con algunhas frases e verbas do tempo, caídas en desuso, vgr. *noramala, adarga*. O lingoaxe en que se espresan os portugueses apenas se diferenza do galego, apesar de que o autor intentou afondar taes diferenzas e cicais buscou pra facelo un tipo non popular, o tipo de fidalgo portugués, obrigado pola sua crase social ao emprego de un léxico mais requintado e pulido.

Si o que falase fose outro labrego portugués non esistiría a oposizón lingüística buscada tan de propósito. «Em toda a fronteira do Minho a mistura e interpenetrações do portugués e do galego dão-se mais ou menos intensamente, mas en vista das estreitas afinidades galaico-portuguesas não tornam sensível, do lado de Portugal, a deformação do portugués que alguns dos nossos informadores dizem mesmo ser alí falado correctamente. A gente do campo é a que mais mistura o galego e portugués, distinguíndose todavía facilmente qual seja a sua nacionalidade» (10).

Características dialectolóxicas do galego fronteirizo no entremés son os demostrativos *iso, isto* e os adverbos *mui, muito,* por ex., asi como tal vez algunhas palabras como *cosais,* por *quizais,* e a tendencia asimilativa da *e* da sílaba inizal coa *a* da seguinte: *razar,* por *rezar; zarrar,* por *cerrar, raás,* por *reás*...

Particularidades fonolóxicas buscadas polo escritor pra distinguir a língoa portuguesa da galega no entremés son vgr. as terminazóns en *aon (pasaon, vilaons),* en contraposizón aos vocábulos galegos *pasan, vilans,* e as en *ein (tein, quein)* opostas ao galego *ten, quen.* Singularidades morfolóxicas tamén diferenciativas son, por ex. os adverbos *muto, muta, mutos,* en logar dos galegos *muito, muita, muitos.*

Non embargantes, infiltráronse no léxico, que quixo, ser portugués enxebre, certos modismos dos dialectos miñotos, que Leite de Vasconcellos estudou nesta zona ribeirán do Minho, precisamentes na vila de Monsão, pouco mais adiante de Caldelas de Tui, anque na orela oposta, craro é. Eisí fai empregar aos portugueses noso autor os remates en *aon* xa citados; verbos como *hai* que en portugués moderno é *ha,* mais que era *hai* «no portugués antigo, em toda ou quasi toda a nossa raia seca e em galego», según refire Leite

cando anota *hai* como propio do lingoaxe de Monsão. Eisí tamén pon Feixóo de Arauxo na boca do fidalgo a verba *coubas,* plural de *couba,* en logar de portugués *couve* (11), non somentes por variedade morfolóxica verbal miñota sinón por confusión de *b* con *v,* conforme tiñan notado xa os gramáticos Franco Barreto no s. XVII e Madureyra Feijóo no XVIII (12).

Merecen ser estudadas mais demoradamente as particularidades léxicas do noso entremés. Algunhas faremos resaltar nas anotacións postas ao pé do testo da nosa peza teatral.

Inda que non sexan propiamentes notas estilísticas, compren algunhas observacións pra facer resaltar o coñecimento que do lingoaxe do pobo tiña o escritor Feixóo de Arauxo, pois de primeiras resaltan os modismos populares no diálogo do seu entremés, dándolle cór e frescura. E, á veira de eles, como pra millor soster o contraste entre os labregos e o fidalgo, pon nos beizos do derradeiro frases poéticas moi da literatura do tempo, como aquela dos versos 34-37:

... apenas venha a alba
pelos montes de San Fins
chorando pelras e prata
cando hei de estar, etc.

As frases *darlle asas, calen barbas, falen cartas, xuro a San...,* están aínda vivas no léxico popular de toda a redondez galega. Outras como *prasa a Santantón que eu minta, má Páscoa e mao San Joan che dé Deus,* cairon en desuso, según penso. Outras aínda teñen taes raigañas na tradizón que andan bastas en cantigas e paremias, de onde as trouxo o autor pra lle dar maor verosimilitude e ambentar debidamente a acción. Eisí temos a ameaza de que

... ha de haber o diabro
na fenteira; amais, na ágoa

han de beber muita e de ela
sen que de ela teñan gana,

(v. 77-80)

que non fai mais que repetir o que constituie tópico no cancioeiro popular galego-portugués en cantigas como ista:

Esta noite no muiño
ha de haber o que ha de haber:
as telliñas do tellado
han de ir ao río a beber.

O xuramento en que se menzoa á *Santa Guitarra*, non é mais que un comodín transformado hoxe en *Santa Lilaina*, persoaxes imaxinativos os dous, e de igoal número de sílabas pra compor un ocasional verso de romaxe:

Sempre me andas perguntando
de que romeiría veño:
veño de *Santa Lilaina*,
de *Santa Lilaina* veño.

O calificativo de *rebelado* que se dá ao portugués, foi nado poucos anos antes, con ocasión da «rebelión» de Portugal (13); perdura hoxe con todo vigor no noso Cancioeiro, e aínda ten dado logar a algún comentario folklórico, xa nunha banda xa noutra do Miño:

Portugués e *rebeludo*,
fillo de tan mala lei
¿qué che custaba decir
«Viva, viva o noso rei»? (14).

Andan ca barba no hombreiro; Ir por lan e volver trasquilado; Aunque o feito custe preito, que se pon nos beizos do labrego Roleiro, son frases proverbiaes que aínda bulen entre nós...

En fin, sobresai o escritor Feixóo de Araúxo como observador dos costumes populares. O medo á Xustiza no entremés, que os galegos mostran, e a preocupazón por sobornar ao encarregado de adeministrala; a reseña da alimentazón dos pobos ribeirans que fai no pranto a moza portuguesa, a base da pesca do sable ou sábel, que é un dos meios con que conta a economía rural dos miñotos (15), e hastra a especie de receta culinaria que, pra facer mais ridículo efecto e bulrarse mais no desconsolo dos enemigos, intercala nos versos, son deliciosas visións realistas que nos gorentan ao cabo do tempo e que deberon causar nos contemporáneos a impresión sarcástica axeitada:

> ... e tinha tres testoins de *pao fromoso,*
> *meo sable cocido e meo asado,*
> *meu casco de cebola e allo petado,*
> *neto e meo de vinho* na borracha
> pera os que convosco ibão facer cacha;
> mais a raiba galega tão travesa
> escachouvos a todos a cabesa!
>
> (v. 331-337)

Por fin, a propia adxudicazón nos versos finaes da mourisca guitarra aos portugueses e do céltico pandeiro aos galegos é un acerto na dispersión folklórica dos instrumentos musicaes, que hoxe perdura.

Hai algo xilvicentino neste estudo demótico e nesta adaptazón dos mais ergueitos modismos populares, que mostra ao escritor galego alonxado do ruralismo chabacano e compracente, da vulgaridade anecdótica de que aínda hoxe fan uso certos espritos de baixa minerva cando escreben en galego pra o teatro.

O problema da persoalidade do Licenciado D. Gabriel Feixóo de Araúxo, autor do ENTREMES FAMOSO SOBRE DA PESCA DO RIO MIÑO, segue en pé a pesar das nosas pesquisas.

Contribuie a facer dificultosos os inquéritos o abondoso que aparecen os apelidos Feixóo e Araúxo, tanto en Galiza como en Portugal, resultando frecuente aínda a xuntanza dos mesmos.

Concéntranse ambos apelidos nas terras limítrofes do Miño. Os xenealoxistas asiñalan no sul de Galiza e no norte de Portugal os berces de istas casas petruciaes de Araúxo e Feixóo.

O país de Araúxo, na rexión da Limia, asiñala a Paio Araúxo no s. XII, como o seu mais soado señor, que abranguía baixo o seu poder terras galegas de Lovios e Xendive e portuguesas de Lindoso e Castro Leboreiro, entre moitas. Os vestixios do castelo de Araúxo aínda foron vistos no derradeiro terzo do século pasado polo historiador ourensán Fernández Alonso (16).

En canto aos Feixóo, orixinarios das terras mosteiraes de Celanova, con irradiacións tan relevantes como as da Torre de Urrós nos arredores de Allaríz, da que saíu, a través do solar da Granxa do Mato, o mais soado persoaxe da estirpe—polas letras que non polas armas—o autor do *Teatro Crítico* e das *Cartas Eruditas*, o grorioso frade bieito de todos coñecido, nado na casa foral de Casdemiro ocasionalmente (17), inzaron prolíficos os vales meridionaes de Galiza e os de Portugal que testan con eles, coincidindo a sua área de difusión co linaxe de Araúxo, polo que aparecen moitas vegadas unidos entrambos.

Temos en Galiza, contemporáneo do escritor Licenciado Gabriel Feixóo de Araúxo, isto é vivindo a fins do s. XVII e comenzos do XVIII en terras ourensans, a D. Francisco Gómez de Vega e Araúxo que, casado con Crara Feixóo de Novoa, tivo a D.ª María Gómez de Araúxo, que casou, á sua vez, de segundas, con D. Luis Feixóo de Araúxo e tiveron por fillos «que hoxe viven» (1703) a D. Xosé, D. Martín e D.ª María

Luisa Feixóo de Araúxo. ¿Tiñan parentesco con noso Licenciado? Non o sabemos. Os apelidos son os mesmos (18).

Tampouco sabemos si sería dos Araúxo que, de nobre prosapia, tiñan casa aberta na freiguesía de Pesqueiras, preto de Salvaterra de Miño, de cuia moradía foi señor Fernando Vello ou Velloso de Araúxo, unha de cuias netas foi muller de Pedro Gómez de Abreu, Señor de Regalados, e outra foi casar a Santa Cristina de Valeixe, sempre na veira do Miño, tendo por fillos, entre outros, ao Capitán Diego de Araúxo, que gañou executoria de fidalguía en 1688, ao Abade de Ribarteme Fernan Vello de Araúxo e a Ana de Araúxo, monxa en Monsão (19). Nin si tería sangue de Tomás Araúxo Novoa e Feixóo, de Manzaneda de Limia; ou de Antonio Araúxo e Feixóo, veciño de Agués, en Xinzo de Limia, que obtiveron Real Provisión de nobreza en 1719 e 1783, respectivamente (20). Nin si D. Alvaro de Araúxo e Oia, Rexidor de Salvaterra ao ser recobrada a praza dos portugueses, sería da sua proxenie. Mais por este tempo de fins do s. XVII e comenzos do XVIII hai arredor de Salvaterra grande cantidade de fidalgos chamados Araúxo (21).

E, si ollamos a Portugal, topamos con que o centro mais numeroso dos Araúxo na Ribeira Lima foron a Torre do Enxerto, en Riofrío, Arcos de Valdevez; e a Quinta de Britelo, Ponte da Barca, dos que algunhas ramas pasaron a Galiza. E, xunguidos aos Feixóo, aparecen un Joan Feixóo de Araúxo, que en 1628 era «tabelião» ou sexa fedatario púbrico, e vivía en San Paio dos Arcos e andaba por ésta e outras veciñanzas de Arcos de Valdevez en 1640. Entre outros fillos tivo ao Padre Antonio Feixóo de Araúxo, Licenciado, Abade de Río de Moinhos e dempois de Cabreiro, a meiados do s. XVII, e a D.ª Catalina Feixóo de Araúxo que casou en Cabreiro en 1660 co Capitán João Barbosa Pinheiro de Lacerda (22).

Mais nada pescudamos de si provén de uns ou de outros o noso escritor. O mesmo resultado tivemos en canto a outros inquéritos que fixemos en listas de Colexiales, Ordes Militares, espedentes universitarios, libros parroquiaes de Caldelas de Tui, etc. Confiemos en que, calquera día, unha descoberta casual nos poña diante da persoalidade do Lic. Gabriel Feixóo de Araúxo, enigmática polo de agora, mais non en tanto grau que non poidamos coidar, á vista da sua obra e mais de canto vai dito, que era galego da orela dereita do Miño, en cuias ribeiras debeu ser nado, quizais viveu a maor parte da sua vida e onde quizais tamén repouse ao pé de unha de isas eirexas sobranceiras do río, cheas de paz, coroadas de humildosas espadainas, cuia cruz apreixa por igoal aos ribeirans de unha e da outra orela, igoalmente saudosas.

Conforme levamos dito, o copista do entremés descoñecía as língoas portuguesa e galega, por cuia razón non podemos limitarnos a transcribir a sua copia. Compre que falemos, pois, da edición presente, pra rematar istas verbas limiares.

En xéral, seguiremos a norma de conservar a ortografía portuguesa en que chegou a nós a peza que nos ocupa, pois aínda que se observan arbitrariedades no uso de letras, taes como o *v* e o *b*, pode ser guieiro pra quen queira estudar algún rastro dialectolóxico no emprego, acaso indiferente, de ambas letras. Corrixiremos as omisións e sustituiremos as voces que constituien evidente erro do copista, tal como *pedras* de verso 35 que está por *pelras*, e supriremos aquelas outras que, como a dupricada *favor* do verso 246, descompoñen a métrica. Ordeamos tamén os siños ortográficos.

En canto ao escrito en galego permitímonos maiores innovacións. Conservamos, iso sí, a ortografía etimolóxica en

que está disposto, non soio como precedente, senón por unidade do testo, xa que os párrafos en portugués van grafiados de igoal xeito; mais modernizamos a escritura, empregando ortografía actual, desfacendo sinalefas, sustituíndo a cedilla (ç) por *z* ou *s*, según o esixa o verso, con outras cousas de iste teor, pra mellor comprensión dos lectores (23).

En un e noutro caso poremos ao pé notas referentes aos versos previamente numerados, espresivas da lectura dubidosa. Pra mellor comprensión empregaremos as seguintes abreviaturas:

AP = Apógrafo de que nos servimos
CL = Lectura de Cabeza de León.

Pra a mellor craridade indicamos entre claudatos a repartizón do entremés en esceas, que non figuran ordeadas no ms., e asemade desenrolamos as abreviaturas *L* = *Labrador*, *P* = *Portugués*, etc., correspondentes aos diversos persoaxes.

E remataremos decindo que debemos a xenerosidade do poeta, romancista e erudito Xosé M.ª Alvarez Blázquez non só a fotocopia do ms. da Bibrioteca Nacional de Madride, senón alentos amicaes que nos fixeron demorar o esprito durante horas felices —e por tanto breves—na homildosa mais recendente fror antiga que agora revive no parnaso galego.

NOTAS:

(1) SAINETE EN GALLEGO / PARA CUATRO PERSONAS, / DEL CELEBRE LITERATO / D. ANTONIO BENITO FANDIÑO. / Juguete inédito, / hallado entre los papeles de un curioso amigo / del autor, y se da á luz para honrar / su memoria. / Es propiedad particular. Nadie debe reimprimirle. [Grabado]. Orense 1849. / Oficina de D. Juan María de Pazos, / donde se hallará.

(2) GALO SALINAS RODRIGUEZ: *Memoria acerca de la Dramática Gallega, causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el regionalismo.* La Coruña, Carré, 1896.

(3) FRANCISCO M.ª DE LA IGLESIA Y GONZALEZ: *A Fonte do Xuramento.* Cruña, Vicenzo Abade, 1882.

(4) CAYETANO ALBERTO DE LA BARRERA Y LEIRADO: *Catálogo biográfico y bibliográfico del Teatro antiguo español, desde sus orígenes hasta mediados del s. XVIII.* Madrid, 1860, p. 149 e 615.

(5) ANTONIO PAZ Y MELIA: *Catálogo de las piezas de teatro que se conservan en el departamento de manuscritos de la Biblioteca Nacional.* T. I, 2.ª ed. Madrid, 1934, p. 119. No T. II figura Feixóo de Araúxo no índice de Autores, p. 609.

(6) A trancripción de Cabeza de León estaba repartida no ano 1948 entre os papés adequeridos polo Museo e pola Bibrioteca provincial de Pontevedra. Compre agradecer aos Directores respectivos Srs. Filgueira e Villamil a permisión do seu esamen.

(7) J. R. DOS SANTOS JUNIOR: *Episodio bulhento entre povos fronteiriços no fim do século XVIII.* Congreso Luso-Español para o Progreso das Ciencias, T. VIII, Porto, 1943.

Na pesca marítima foron mais frecuentes as disensións ocasionadas pola estensión atribuída ás augas litoraes ás que chega o respectivo dominio estatal, acadando por veces en outras costas lonxe das galegas certa gravedade como socedeu cos acaecementos da Insua Cristina, que deron logar ao dictamen oficial emitido baixo o tíduo de *Informe de la Sociedad Económica de Amigos del País de la Ciudad de Santiago sobre la conveniencia de establecer la reciprocidad del derecho de pescar para los españoles en las costas portuguesas y para los portugueses en las de España.* Santiago, Est. Tip. de «El Diario», 1878.

(8) Anque o ms. que contén o ENTREMES deixa en branco as unidades da data en que ocurreu a «contenda» consiñando somentes «Año de 167=», como espresa que o Lic. Feixóo de Araúxo o compuxo no de 1671, non resta outro suposto senón o do ano anterior, como aquil en que tivo logar o sucedido histórico que o inspira.

(9) O ms. na reseña *dramatis personae* que contén ao comenzo soio incruie tres persoaxes, a saber: Un portugués, unha portuguesa e un labrador galego que resulta chamarse Gorgorio Roleiro; mais ao final saen tamén outro portugués, que fai as paces, e unha moza que canta e baila. Ainda conta a peza con un sesto persoaxe mudo, que é o do portugués morto.

(10) A. DE MAGALHAES BASTO; *A fronteira hispano-portuguesa (Ensaio de geografía política).* Coimbra, 1923. Separata de «O Instituto», Vol. 70, p. 26-27.

(11) J. LEITE DE VASCONCELLOS: *Dialectos minhotos... Lingoagem popular de Monsâo,* Porto, 1885, p. 13. Poseemos de iste raro opúsculo o ex. adicado a Marcial Valladares «em penhor de gratidâo, respeito e muita estima». Modernamentes foi reproducido no vol. II dos *Opúsculos* do gran investigador lusitano, baixo o subtíduo de *Dialectología (Parte I),* Coimbra, 1928, p. 5-26. O estudo comprende tamén o *Lingoagem popular de Soajo.*

(12) Cit. por LEITE, op. cit. p. 8-9.

(13) A lembranza da guerra con Portugal aínda estaba viva, e a ela se refiren os versos 61 e 62:

¿Desque se acabou a guerra,
guerra quer esta canalla?

(14) Recollido por BALLESTEROS no seu *Cancionero pop. gallego* (1886), ten variantes recolectadas por MILA I FONTANALS (*De la poesía pop. gallega*, 1877):

Ó portugués rebeludo,
criado de mala lei,
¿qué che custaba en decir
velahí vai o noso rei?;

por XESUS TABOADA, alusiva á población xudía portuguesa (*Del Jardín de Tirso*, 1948):

¡Oh, portugués, mal cristiano,
criado na mala lei,
viches a teu pai asado
nas calles de Monterrei!

e, en fin, por nosoutros (*Cantigas pop. de Arousa*, 1931):

Portugués arrabeado,
criado na mala lei,
revinchárónlle as orellas
por non ir servir ao rei.

Según temos manifestado nas ditas *Cantigas...*, en diálogo co distinto amigo o folklorista lusitano F. de Castro Pires de Lima, a cantiga data do ano 1640, opinión que mantiña tamén Milá, según parez adiviñarse.

(15) ABEL VIANA: *A pesca do sável no rio Minho*, art. pubricado en varios números da «Gazeta de Viana», semanario de Viana do Castelo, desde 1 de Octubre a 7 de Decembre de 1925, reproducido con variantes nas *Notas históricas, arqueológicas e etnográficas do Alto-Minho* (Viana do Castelo, 1930), do propio A., nas p. 26-35.

(16) BENITO FERNANDEZ ALONSO: *El rio Limia y sus contornos*, Orense, 1879, p. 29-31. O castelo de Araúxo aparez doado en 1176 ao Bispo de Ourens D. Alfonso polo rei D. Fernando. Do ano precedente é a primeira cita histórica coñecida (*España Sagrada*, T. XVII, p. 93).

(17) ALFREDO A. CID RUMBAO: *La verdadera patria del P. Feijóo y otras notas inéditas sobre su apellido y familia*, in «Boletín del Museo Arqueológico de Orense», T. IV, 1948.

(18) F. BOUZA BREY: *Noticias del linaje de Araujo según un*

genealogista gallego del s. XVIII, in «Bol. de la Comisión provincial de Monumentos... de Lugo», n.º 20, 1946, p. 263.

(19) F. BOUZA BREY: *Op. cit.*, p. 264 e 265. Pra Diego de Araúxo vide: ALFREDO BASANTA DE LA RIVA, na sua obra *Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Sala de los Hijosdalgo. Catálogo de todos sus pleitos, expedientes y probanzas...* Valladolid, 1920-23, T. I.

(20) Espedentes respectivos no Arquivo da Sala de Fillosdalgo da Chancilería de Valladolide, cit. por BASANTA, *op. cit.*, e por ALBERTO E ARTURO GARCIA CARAFFA: *Enciclopedia heráldica y genealógica hispano-americana,* T. X, apelido *Araújo.*

(21) FRAY FELIPE DE LA GÁNDARA: *Armas y Triunfos de Galicia,* Madrid, 1677, p. 610, cita ao Rexidor de Salvaterra, seu contemporáneo. Vide tamén, ENRIQUE F. VILLAMIL; *La nobleza de Galicia a comienzos del s. XVIII,* in «Cuadernos de Estudios Gallegos», T. XVI, 1950.

(22) Debemos istas noticias dos Feixóo Araúxo portugueses ao Dr. Antonio de Araúxo, ilustre abogado do veciño país.

(23) Caso especial da arbitrariedade do escriba é a grafía de *Portugal* e *Purtugal; portugués* e *purtugués* e aínda *portogués,* o que obriga a unificar os varios casos, escribindo *Portugal* e *portugués* tanto nos palramentos en galego como nos demáis.

ENTREMES FAMOSO en que se contén a contenda que tuveron os labradores da Freiguesía de Caldelas cos portugueses SOBRE DA PESCA DO RIO MIÑO

ANO DE 167..

Composto polo

Licenciado GABRIEL FEIXOO DE ARAUXO

ANO DE 1671

Entremes famoso en que se contiene la contienda que tubieron los labradores de la villa de Caldelas con los portugueses sobre la pesca del Rio minho Año de 1667 = Compuesto por el licenciado Gabriel Feyjoo de Araujo año de 1667

Personas

Un portugues = un labrador
Una portuguesa llamado Beleiro =

Sale el portuguez

P. que un fidalgo sufra isto!
Bellaco arto de manda!
não foi como o sobrepeito
não rebentas, os atacos
da minha maneira brolão
por donde estão a lacadas!
que se lo en Tamanha besta
que me tu foste à minha abbarda?
que pase a minha pelo a
pelo que eu, mas lichos pasaem?
pelos ebanjos santos
que en gimazains se lantão;
pela leite que mamei;
e pela maior tallada
que tein a hosta do nabo
que ei de morrer na demanda
não podião os bilaons
chost de Caibas, e papos
saber que eu quein sô
que con dicir isto basta?
pois fora grande doudice
relatar à sangue honrada
que erdei dos Tavarazabos
Basco, Brito, y Alberte gallas.
não ben estes moçamos,
mais pera que dicê pragas?
segdo eu, gos amigos
pular pela nobre espada
alza quiter dos palegos,
que sacos tains que me trabão
Cunta raibos, e à sangue
tein dentro a vea da arta

Con muito tiche se tomaõ;
Ron gaseno, venia à alba
pelos montes de San Fin,
Chorando pedras, e pralo-
Cando eide estas na ribeira
Con tinto tan bein arrinada
que destruian os pokaos
inda que mas de raillada.
isto sin dubia ninguena
a deter, bin la redadas,
e Cantas pelo San bento
que ternos tracen lançados.
Sepo viraõ Conpaqeis
alegando à antiguallas
decando que não é isto;
que fuso, ou que la basa
ay que balla se me gono
Ja sente da minha gorda?
à deser o que eu que
aqueca à deser dobrada,
eres dobrada por chirista
não à mas que facer armas
aõ de atropellar Contudo,
quebrente leis, ardan Cartas,
vedemos como quisermos,
a deser nosa à ganança
morraõ os galegos morran,
arda pois Caldelas arda.

Vase.

Sale el labrador =



PERSOAS

UN PORTUGUES
UNHA PORTUGUESA
UN LABRADOR CHAMADO ROLEIRC
[OUTRO PORTUGUES]
[UNHA MOZA PORTUGUESA]

[*ESCEA I*]

Sai o Portugués

PORTUGUES

1 ¡Que un fidalgo sufra isto!
¡Vállame o Anjo da Garda!
¡Não sei como, ó nobre peito,
não rebentas y os atacas

4. *CL* lee *rebenta* e *ataca*.

5 da misma maneira brotão
por donde estão atacadas!
¿Que seja eu tamanha besta
que me sujeite a umha albarda?
¿Que pase a minha pesoa
10 pelo que uns más bichos pasaon?
¡Pelos ebanjeos santos
que en Gimarains se cantão,
pela leite que mamei
e pela maior tallada
15 que tein a hosta do nabo,
que hei de morrer na demanda!
¿Não podião os vilaons
cheos de coubas e papas
saber que só eu quein só,
20 que con dicir isto basta?
Pois fora grande doudice
relatar a sangue honrrada
que herdei dos tartarabós
Basco Brito e Alberte Pallas.
25 ¿Não saben estes maganos...?
Mais para que digo pragas

5. *CL* pon interrogante en *brotao;* en efecto o siñificado do párrafo é escuro. — 10. *más bichos* está por *maus bichos* por reduzón do diptongo átono, frecuente no linguaxe de Ponte de Lima e veciñanzas (Leite). — 18. *CL* lee *combas* e lle pon interrogante; mais xa temos dito que se trata de *couve,* siñificando berza. — 24. *AP* pon *y* antre os antropónimos; mais nós a sustituímos por *e*, regún require o verso.

se poso eu y os amigos
pujar pela nobre espada
ate a quitar dos galegos,
30 que son os cains que me trabão,
canta raibosa e má sangue
tein dentro a vea da arca.
Con mui bo vicho se tomão;
vou, y apenas venha a alba
35 pelos montes de San Fins
chorando pelras e prata,
cando ei de estar na ribeira
con jente tan bein armada,
que destruian os galegos
40 inda que mais de mill haja.
Isto sin dubia ninhuma
a de ser. Trinta redadas,
e cantas pelo seu bento
quisermos, serão lançadas.
45 Logo virão con papeis
alegando á antigualla,
decendo que non é uso...
¡Que fuso ou que cabasa
ay que balla se me poño
50 y a jente da minha garda?
Ha de ser o que eu q[uiser]:

36. *AP* pon *pedras,* evidente erro do copista que non entendeu a verba *pelras* do orixinal. — 51. Unha nódoa de humedade impide leer compreto *quiser*.

a pesca a de ser dobrada
e tres dobrada ¡por Christo!
Não ha mais que facer; armas
55 ão de atropellar con tudo.
¡Québrense leis, ardan cartas,
redemos como quisermos,
a de ser nosa a ganança!
¡Morrão os galegos, morrão!
60 ¡Arda, pois, Caldelas, arda!

Vaise

[*ESCEA II*]

Sai o labrador

LABRADOR

¿Desque se acabou a guerra,
guerra quer esta canalla?
Eu penso que han de aqueibar
co cano da miña vara.
65 Ten a culpa a freiguesía
en darlle tamañas asas.
Juro por tantos e cantos
que a han de ver denegrada,
anque a Justicia me leve

62. *AP* trai *gerra* en contraposición a *guerra* que escribeu na verba denanterior precisamente. — 63. *aqueibar* = aquietarse, foi dado por BLUTEAU (1728) como modismo miñoto.

70 os bois da corte i as vacas.
Eu pido usos e costumes.
Calen barbas, falen cartas.
O papel o razará
que quedou da antigualla.
75 Juro a San... que han de redar
somentes unha redada
ou ha de haber o diabro
na fenteira; amais, na ágoa
han de beber muita e dela
80 sen que dela teñan gana.
¡Prasa a Santo Antón que eu minta;
mais verán, saíndo a alba,
se non os ouven os sordos
i os das orellas tapadas,
85 que frescos paos ha de haber,
que raás tamboriladas,
que lindos rabos de fouces,
que galantes seijoadas!
¡Quén teña medo que fuja,
90 évase mui noramala
porque Borgorio Roleiro
ha de defender a causa!

86. *CL* leeu *reás*. — 90. *CL* transcribeu *e vase* que en *AP* tópase xunto. Nos puxémoslle acento por tratarse do verbo evadir, por evádase. — 91. Conservamos *Borgorio* que debe ser erro por *Gorgorio* a causa do reiteramento con que así aparez en *AP*, no que, a final ponse unha vegada *Gorgos*.

¿Nós unha ves i eles duas?
Esa eche treta formada
95 i habés de quedar debaijo
coa vosa teima hinchada.
O portugués do galego
nunca sacou boa vaca
nen a sacará de nós
100 se os carballos dan estacas.
Isto ha poder quen posa,
juro por Santa Guitarra;
veñan, veñan para acá
que a han de ver denegrada.
105 Eles virán, craro está,
cunha migalla de espada,
un pestoletazo á sinta,
unha adarga atravesada,
unhas galletas nas pernas
110 hinchando catro pernadas,
impipinando o chapeu,
pondo unha man na illarga,
facendo mil cirimonias
e cousas nunca contadas;
115 mais non lle hajo de agardar
tanta retolada; basta

101. *CL* leeu *quien posa.* O verso compreto parece decir: *isto a poder que eu posa;* mais parécenos erro. — 116. No *AP* está *ratolaca* que coidamos erro do copista por *retolada*, verba topada por nós na xerga dos cesteiros, siñificando *festa*, e que cicais sexa un arcaismo conservado niste argot.

con catrocentos diabros
que os suman e os barran.
Que deiten lance por lance
120 e, se non queren, lanzadas
lle han de redar o bandullo
espetándolle as entranas.
Isto está pornosticado
por unha praineta mala,
125 con que ha de haber na ribeira
galantes pastorejadas.
Eu quero mal a esta gente,
heinos de pór en talladas;
esfarelándolle os cascos,
130 do corpo sacarlle as almas.
Han de saber que en Caldelas
hai gente de boa raza;
que para dés taleigueiros
somente Roleiro basta.
135 ¡Morran os porcos treidores
e ardan cen veces, ardan!

Vaise

[*ESCEA III*]

Volve o portugués

PORTUGUES

Quedão cein homes na pedra
pesqueira tão afamada,
os mais fortes da manada;
140 por eles não será quebra.

Pois os que conmigo vein
são escullidos ó dedo,
o diabo lles tein medo
queles a él não tein.

145 Traso somente un morgado
que he a mais bela pesoa
que ay dendo Miño a Lisboa:
do corpo, mui entallado,

da cara, coma mill pratas
150 pois eu son coma mill natas
muto bein perfeisoado.

Tenho o fuçiño polido,
bigote muto retorto,
tanto que o lirio do orto
155 en gala tenho rendido.

Buscanme mutas doncelas,
requebranme con amores
y aunque beja mill fabores
por Christo que son bo delas.

160 ¿Que lles parece? ¿Não so
un homen muto brioso,
muy galão e muy airoso?
Asi foi meu bisabó.

153. No *AP*, *o bigote;* mais a *o* debe ser error de cópea, posto que sobra pra o verso.

[*ESCEA IV*]

Sai o labrador sin que o portugués o veja.

LABRADOR

Aparte.

Mal aja quen te paríu.
165 Má Pascoa e má San Juan
che dé Deus, e má mañán.
El ainda non me víu.

PORTUGUES

O pasariño está vendo
esta gala e despostura,
170 e canta con mais duçura.

LABRADOR

Este ¿qué estará facendo?

PORTUGUES

Que ninhún galego venha...!
Não me espanto que así seja,
porque logo que me veja
175 de medo quedará torto.

165. *má San Juan* está por *mau* ou *mao*, pois é modismo ribeirán, común ao galego e ao portugués. — 175 e 178. No *AP* figuran trocadas as verbss finaes de istes dous versos, que nós poñemos no seu probabel orde lóxico, isto é *torto* no v. 175 e *morto* no v. 178.

LABRADOR

Esttá resmusmuniñando
ou debe de estar razando
alá por seu abó morto;
maiis, pouco e pouco, me chego...
Chégase

180 Beiijo as mans de vosastede,
¿como está vosa mercede?
¿Ten saúde?

PORTUGUES

—Sí, galego.

LABRADOR

E ¿que hai? ¿Como lle vai?
¿Tan cedo á veira do río?
185 ¿Seica ven tomalo frío
alor da calor que vai?

PORTUGUES

Eu venho ¿sabeis a qué?
A darbos muto e do pau.

LABRADOR

¡Forca, ira de callau!
190 ¿Ende iso, señor, por qué?

176. *resmusmuniñando* é verba onomatopéica. — 186. *Alor*, aspecto ou xeito que toma un negocio.

PORTUGUES

Porque quero.

LABRADOR

—¿E non hai mais
de porque quero? Pardiós
que che han de saltalas móos.
fora da boca, cosais.

PORTUGUES

Aparte.

195 Un tris não me falta ja
pera racharlla cabesa.

LABRADOR

Aparte.

Ao cabo desta simpresa
pedras e paus haberá.

PORTUGUES

Aparte.

Ora bein, eu o embaso,
200 e venha todo Caldelas.
¡Que cuteladas tão belas!

LABRADOR

Desalmado garrotazo

194. *Cosais* = quisáis.

lle hei de dar, Anjo da Garda.

Aparte.

Eu só, como ven, un tolo
205 e unha besta, con perdon;
mais, vindo o meu reventón,
se me lateja o miolo.

PORTUGUES

Quérobos decer, Roleiro,
que a pesca de Portugal
210 sempre á de ter mais cadal.

LABRADOR

Iso non, meu pegoreiro.
¿Quén víu nunca en sacolorio
unha cousa coma esa?

PORTUGUES

¡Eu, que che racho a cabesa!

Saca a espada e dalle.

LABRADOR

215 ¡Tamén cha racha Borgorio!

Dalle un pau na cabesa e dí:

¡Ah de Dios y ah del rey
cun portugués rebelado!

— 207. *AP* pon erroneamente *miliolo* que en outro logar copiou *miolo* correctamente. — 212. *en sacolorio,* en litixio.

Cáese o portugués cando lle dan, e dí:

PORTUGUES

¡Bállamo chão por sagrado
que tão deboto beijei!
220 ¡Acudí antes que morra,
meus amigos e parentes!

LABRADOR

Boteille catorce dentes
fora coa cachiporra;
e tú ainda estás roncando...
225 ¡Garda qué se volvo a tí...!

PORTUGUES

¡Nunca noutra tal me ví!

Vaise.

[*ESCEA V*]

LABRADOR

O lombo lle vai triscando.

Dí o portugués dentro:

PORTUGUES

Arrimay o barco a terra.
Desparai as espingardas.
230 Não agardeis mas agardas,
apilidai todos guerra.

Di o labrador mirando adentro:

LABRADOR

[Vinde] jentes á ribeira,
tocar o sino apilido
que está o Roleiro firido
polo medio da moleira.
Rapaces, mulleres, vellos,
heilos ven nunha bandada.
¡Ea, ea, seijoada,
aperta ruzo y a ellos!

Mirando adentro sempre

Ahí, aquel levou boa,
á orela aquel despara;
gardaivos, home da vara,
non bos furen a boroa;
volve sobre eles, sobre eles
que ja fojen coma gamos.

Din dentro:

VOZ

¡Favor, que nos afogamos!

232. Unha nódoa de humedade impide leer a primeira verba.— 239. *y a ellos* é unha frase feita, quezais resíduo na comarca da guerra da restaurazón portuguesa: «¡Santiago y a ellos», etc. — 240. *AP* pon *ay*, con un ponto sobre da y que interpretamos como adverbo en logar de interxección; *ay* = ahí. — 241. *AP* dí *arela* que *CL* transcribeu con interrogante *a vela*. Parécenos debe restaurarse *â orela* por o senso da frase. — 246. *AP* pon *favor, favor* dupricazón disconforme ca métrica.

LABRADOR

Ó río, ó río co eles.
Heis uns a cabalo doutros.
Así, así, ora ma,
250 tornai compadre [pra alá]
porque beban uns e outros.

Ainda andan dous patujando;
alá van estes penedos,
ide ó fundo i estai quedos
255 e non vos andés cansando.

Din dentro:

VOZ

¡Pardés! ¡Galante matanza!
Non pudo, a fé, ser mellor.

LABRADOR

Castígaos Noso Señor
pois que ordenaron a danza
260 i eu ben sei sobre que cai,
mais non o podo decer
cosais por non dar pracer
a alguns que en Portugal hai.

Ora ben, isto está feito,
265 eles están afogados,

250. As verbas entre corchetes poñemolas nós por considerar se lle esquenceron ao copista. — 258. *AP* pon *castigos*, con evidente erro.

nós do feito mui pagados
anque o feito custe preito.

E diñeiriño tamén
ha de custar a alloada.
270 A min non se me dá nada,
ao fin nós fixemos ben.

A mais, eu só luminairo
da parroquia i ha de pór
o Abade o seu favor
275 e todo o mais nazasairo

porque ao fin é galanteiro
i é amigo do Juís,
e con tres maravedís
líbrame casa e quinteiro.

280 Él ha de remedearnos
e pór as cousas en pás
que anque parece rapás
sabe mui ben gobernarnos.

Ten un entendimento
285 que é pasmo; non hai abade,

269. *AP* pon *custar alloada.* — 270. *AP* pon *mais a min non se me da nada.* Temos suprimido *mais,* non somente porque sobra no verso, senon porque o emprego de ista verba duas liñas mais abaixo sinala ser engádega errónea do copista.—271. *AP* trae *al* por *ao* o simplemente *ó,* o que parez indicar que o copista era castelán.—273. *AP* trae *parrocha,* por parroquia.

crego, nin crega, nin frade,
nen ningún vello de cento

con tanta discrijisón,
i así penso volverá
290 [por nós] e judicará
que nós temos a razón.

Vou correndo pola posta
si hacho jantar que comer
que ainda á tarde hei de esparjer
295 unha gran pilla de bosta.

Vaise.

[*ESCEA VI*]

Descúbrese a cortiniña e vese outro portugués, deitado no chan, mollado, como que está morto, e unha portuguesa chorándolle.

PORTUGUESA

¡Meu quirido, meu mimo, meu morgado,
meu ouro fino, meu moi doce amado,

meu espello, meu gosto, meu contento,
meu bein, en quein eu tinha o pensamento!

300 ¿Qu'anamigo raiboso te matou
e de joia tan bela me privou?

289. A humedade corroeu parte das verbas entre claudatos.

¿Quein foi o desalmado y atrevido
que te quebrou, espello tan lucido?

¿Quein meu minino morgado marchitou
305 â frol da idade? ¿Quein bos dirribou

do trono en que posto estabáis
do cariño e mimo de teus pais?

A bosa cabeleira priciosa
¿como está tan suja? ¿Quein a pus ludosa?

310 A cara que a prata abentajaba
a gala que do corpo bos sobraba,

os ollos con que ás mininas dabais pena
co ollar grave e vista tãon serena,

¿quein bos roubou tudo isto? ¿Donde fica?
315 ¿Quein foi o que cortou rosa tão rica?

Atacar as sirolas não sabia
y espada de tres braços ja cinjia

que, pujando por ela,
fes que ciscacen mutos muta e dela.

320 No Alantejo ganou mutas vitorias
como bein contarão largas historias.

319. Pra facer intelixible iste verso bastaría con sustituir *ciscasen*. que está craro no *AP*, por *liscasen* e *muta* por *muto;* mais tamén e posibre que encerre unha anfiboloxia pra evitar o emprego de coprolalias.—

Ó Doiro as espumas lle tenjeu
con sangue ruiba quo castelão verteu.

Ora, con ser minino tão balente
325 que pudia por campo a muta jente!

y agora malpocado
beo a morrer nun charco aufegado,

y a sua moleiriña dilicada
aberta coa pura cacheirada.

330 Esperábabos eu bitorioso
e tinha tres testoins de pão fromoso,

meho sable cocido e meo asado,
meu casco de cebola e allo petado,

neto e meo de vinho na borracha
335 pera os que conbosco ibão facer cacha;

mais a raiba galega tão trabesa
escachoubos a todos a cabesa.

¡Mufina de min, mufina que farei;
sein alma, gosto e vida [donde irei]!

340 Bolbe teus ollos a estes tristes braços,
darbos ei despois de morto mill abraços,

para anbos farei a sepoltura
e co iço darei fin a tal tristura.

339. Unha mancha e dobrez do papel fai pouco lexibre a frase posta entre chaves. — 340. No *AP*, *meus ollos*.

[*ESCEA VII*]

Vaise con il nos brazos. Volve a sair o labrador mui suspenso.

LABRADOR

Non me quer aqueibar o pensamento,
345 o miolo me dá golpes sen tento,

o juizo me da mil aldrabadas
i o carcajo me da bacorejadas.

Non zarro estas pestanas noite e día
nen ven sono a ninguén da freiguisía.

350 Todos andan coa barba no hombreiro
e todos racean de gastar diñeiro;

mais con gastalo ja se contentaran
se os colmazos do fogo se libraran.

Non sei samica, non, se me espilico;
355 quero decer, se libran o pelico

cantos ós portugueses deron morte
que os cubrirá mais boa sorte.

¡Non lles teño eu medo, non,
mais teñoo grande se hai unha traición,

360 i amanece unha mañan de neboeiro
en fumo a casa i en brasas o quinteiro!

354. *samica* = por ventura, según BLUTEAU que xa o daba no s. XVIII como verba da dialectoloxía miñota, e a transcribía *samicas*.

Todos son morlacos
i á postre son traidores coma cacos.

Non hai que fiar neles
365 porque ó cabo han de pór mesa e manteles.

Mais véjoos calados
que andan corteses muito e mesurados.

Non sei o que farán;
cosais con esta tunda aqueibarán

370 e non serán ousados
[de vir por] lán e volver trasquilados.

[E non tr]ato mais disto
porque ven aquí un ¡voto a Cristo!

[*ESCEA VII*]

Sai outro portugués

OUTRO PORTUGUES

¿Que vai, Roleiro?

LABRADOR

Aparte

375 ¡Pá! ¡Que desaforado taleigueiro!
¡Como ven comedido!

371. Unha nódoa de humedade coincidindo cunha dobrez do papel tornou ilexibre parte de ista liña e da seguinte que, por outra banda, resultan de doada restituzón.

OUTRO PORTUGUES

¿Como bai a bocé? ¿Está firido?
¿Sanou ja da cutelada?

LABRADOR

¡Pá! ¡Con que fromosa embaijada
380 me chega ás orellas;
mais a que lle sacudo hoje as gadellas!
E ti e os vosos
que vos sacudimos ben os osos,
¿tendes saúde enteira?
385 ¿Os mortos saíron ja na barredeira?

OUTRO PORTUGUES

Não faleis mas niso
nein me rebolbais mais o joiso
que me toma a bregoña.

LABRADOR

Só eu serei amigo da pesoña.
390 Heis aquí [a] man dereita
e digo que deijémola endeita.

OUTRO PORTUGUES

Falta, por vida minha,
que haja por fin de guerra unha festiña,
e seja a mea dança.

390. No *AP*, *es aqui man dereita.*

LABRADOR

395 Tamen eu farei miña mudanza.

OUTRO PORTUGUES

Ó, rapariga,
traçe ca a biola.

LABRADOR

O pandeiro, diga.

OUTRO PORTUGUES

E traçe coa biola un pandeiro;
400 baillará tamein Gorgos Roleiro.

[*ESCEA IX*]

Sai unha moza portuguesa con guitarra, pandeiro e sonaxas.

MOZA

Aquí está tudo, cantemos,
alegria aja y os mortos enterremos.

Toman cada un seu instrumento e canta o seguinte, e bailan.

Minha may tein prometido
de compañeiro me dar,

405 que bejo mutas caçar
e finome por marido.
Tein unha aljaba o amor
de setas doiro cargada,
unha ha de tracer crabada
410 no que de seu bando for.
Desdo rei ate o menor
a aquel bendado Cupido
basallaje llan de dar,
que bejo a mutas caçar
415 *e fínome por marido.*

Hé o gosto, y o cariño
y o contento dos amantes,
é jirasol dos galantes
que a todos segue o camiño.
420 Hé rapas coma un armiño
anque se mostra ofendido
os que...
que bejo a mutas caçar
e finome por marido.

425 Hé carceleiro que prende
con lazos mui amorosos,
ofende muto ós zelosos

405. Eiquí pon *AP veja* por *bejo a,* según trae nas demais veces cando repite iste verso. — 406. Iste estribillo ven subliñado no *AP* pra facelo sobresair. — 422. O verso aparez incompreto, por rotura do papel.

y os oitros nãos ofende.
São duçuras canto bende
430 y é mercader mui quirido.
Bámoslle todos conprar,
que bejo a mutas caçar
e finome por marido.

FINIS LAUS DEO

COLOFON

Monterrey

Esta publicación editouse co gallo dos actos celebrados no
concello de Tui para conmemorar o 350 aniversario
da publicación da primeira obra de teatro en galego
“Entremés famoso sobre da pesca do río Miño”,
un fito literario singular na historia das
relacións transfronteirizas entre Galicia e Portugal,
coa inauguración dun monumento alegórico realizado pola
Escola de Canteiros da Deputación Provincial de Pontevedra.